Sobre a información do Goberno galego respecto das condicións de seguridade e saúde laboral dos traballadores que trasladaron o lindano do Porriño á canteira de Xinzo, en Ponteareas, así como a dispoñibilidade pola empresa contratada da autorización necesaria para ese fin

- 29480 - 24490 (10/PRE-007695)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Arxentina e Uruguai iniciada polo secretario xeral de Cultura o día 6 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 29479 - 24496 (10/PRE-007701)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial ás illas Azores iniciada polo secretario xeral de Política Lingüística o día 19 de xullo de 2016 con motivo do cuadraséximo aniversario das institucións de autogoberno dese arquipélago luso, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 29584 - 24497 (10/PRE-007702)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Melgaço realizada polo secretario xeral de Cultura o día 7 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 29583 - 24498 (10/PRE-007703)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Paredes de Coura realizada polo secretario xeral de Cultura o día 23 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 29582 - 24499 (10/PRE-007704)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe a Vidago realizada polo director da Axencia Galega das Industrias Culturais o día 24 de novembro de 2016 para intervir na rolda de prensa de presentación da serie galaico-portuguesa *Vidago Palace*, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 29412 - 24721 (10/PRE-007737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para a execución da sentenza ditada polo Tribunal Constitucional respecto das solicitudes de permuta dos postos de traballo presentadas por dúas traballadoras interinas do persoal laboral dependente dela, as medidas previstas na materia, así como a negociación da adaptación do V Convenio colectivo único á Directiva 1999/70/CE

- 29486 - 24743 (10/PRE-007745)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a París iniciada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co secretario xeral de Política Lingüística e o director da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o día 10 de abril de 2017, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 29484 - 24744 (10/PRE-007746)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bos Aires iniciada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co secretario xeral de Cultura e o secretario xeral de Política Lingüística, o día 4 de maio de 2017, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 29581 - 26323 (10/PRE-008055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a posible existencia de saturación do Servizo de Oftalmoloxía das áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés a consecuencia da acumulación de doentes con cataratas, as medidas propostas pola Xerencia do Complexo Hospitalario de Pontevedra para mellorar a xestión e organización das consultas e as previsións ao respecto

- 29615 - 26595 (10/PRE-008077)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co proxecto correspondente ao polígono industrial Val da Rabeda, no concello de Taboadela

- 29580 - 27078 (10/PRE-008124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a sentenza xudicial referida á adxudicación no ano 2012 da Xefatura de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra

- 29579 - 27125 (10/PRE-008127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis



Sobre a situación actual do transporte sanitario urxente terrestre en relación coas novas referidas ao anuncio de renuncia polas empresas concesionarias a algúns dos lotes adxudicados, a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ao respecto, así como a garantía do correcto funcionamento do servizo

- 29578 - 27189 (10/PRE-008136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas á derivación de operacións de varices a clínicas privadas dende o Complexo Hospitalario de Pontevedra

- 29331 - 27225 (10/PRE-008140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Monforte de Lemos

- 29310 - 27230 (10/PRE-008141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Pantón

- 29330 - 27286 (10/PRE-008149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o investimento total levado a cabo pola Xunta de Galicia para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro, no concello de Boborás, o seu funcionamento na actualidade como casa de turismo rural e o prazo de vencemento da concesión outorgada para a súa xestión, así como as previsións ao respecto

- 29343 - 27431 (10/PRE-008164)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o trazado finalmente elixido para o treito 2 (PO-350-enlace Goián) da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, así como as razóns da demora na desafección dos terreos inicialmente afectados e nos que xa non se vai construír esa infraestrutura

- 29411 - 27554 (10/PRE-008169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir a baixa da profesional que atende o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Escairón, no concello do Saviñao, e as previsións ao respecto

- 29415 - 27664 (10/PRE-008176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para evitar a perda de poder adquisitivo polos pensionistas galegos no ano 2018

- 29682 - 27747 (10/PRE-008186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de aprobación dunha nova lei estatal de vivenda e as demandas ao respecto da Coordinadora Galega de Stop Desafiuzamentos/Plataforma de Afectados pola Hipoteca, así como as súas valoracións en relación co incremento dos desafiuzamentos en Galicia no ano 2017

- 29577 - 27803 (10/PRE-008189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a incidencia da demora da Xunta de Galicia no desenvolvemento da plataforma que debería permitir a reserva dos novos pases de acceso ás illas Cíes nas expectativas económicas do sector turístico e doutros servizos vinculados, a avaliación do seu impacto económico, así como os prazos previstos para a súa posta en marcha

- 29681 - 27868 (10/PRE-008201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as razóns da demora e os prazos estimados polo Goberno galego para o efectivo inicio e remate das obras de construción da rotonda comprometida no punto quilométrico 1.900, da estrada PO-404, para facilitar o acceso á EDAR de Guillarei, no concello de Tui

- 29305 - 27896 (10/PRE-008207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, así como a data prevista para o inicio da ampliación da zona de urxencias do centro

- 29329 - 27927 (10/PRE-008210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as características técnicas que se van establecer e, en concreto, os valores máximos de inclinación da rasante en ramplas ou pendentes previstos para a conversión da estrada Brión-Noia en autovía

- 29328 - 27932 (10/PRE-008212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o cronograma de actuacións que está a manexar a Xunta de Galicia para a efectiva execución da autovía Brión-Noia

- 29332 - 27933 (10/PRE-008213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da posta en servizo da autovía Brión-Noia no ano 2022

- 29327 - 27934 (10/PRE-008214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización do proxecto e obra da autovía Brión-Noia por tramos, e se é o caso, os datos ao respecto

- 29326 - 27935 (10/PRE-008215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as razóns da vinculación da realización da autovía Brión-Noia á execución do desdoblamento do corredor do Morrazo, que aínda non foi adxudicada na súa totalidade

- 29325 - 27936 (10/PRE-008216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos ao investimento que vai destinar a Xunta de Galicia ao desdoblamento da estrada Brión-Noia en autovía

- 29414 - 28366 (10/PRE-008286)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a xustificación do Goberno galego para non dotar o Sergas dos medios suficientes para a prestación da asistencia sanitaria e recorrer de xeito estrutural á prestación de servizos nel por medio de concertos coa sanidade privada

- 29413 - 28380 (10/PRE-008287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 29574 - 28605 (10/PRE-008312)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a incidencia na débeda da comunidade autónoma das modificacións de crédito por importe de 57.665.343,74 euros para produtos farmacéuticos e material sanitario e de 975.067,26 euros para cotas sociais de Seguridade Social do Sergas, correspondentes ao mes de decembro de 2017

- 29680 - 29136 (10/PRE-008365)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de aplicar a Lei da memoria histórica no caso da denominación do Centro de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria Salvador Moreno de Pontevedra

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5315**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas e as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coas queixas do sector do marisqueo a flote da ría de Vigo referidas aos prexuízos ocasionados polo peche pola Consellería do Mar dos bancos marisqueiros sen previo aviso, por causa das obras de construción do emisario submarino da depuradora de Lagares, o modelo de sinalización destas e a súa afección neles.”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías do Mar e de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Ante a necesidade de acometer actuacións e realizar obras nos sistemas de saneamento (estacións depuradoras de augas residuais urbanas e industriais, redes de saneamento, pozos de bombeo, etc.) que permitan o seu mantemento en condicións óptimas e garantan a realización dos vertidos de augas residuais ao dominio público segundo as prescricións e directrices das autorizacións de vertido, **Augas de Galicia**, que é o organismo competente para outorgar a autorización necesaria para realizar as obras e instalacións de vertidos dende terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre eles, elaborou o **-Protocolo de Actuacións para o Vertido de Augas Residuais ao Dominio Público por labores extraordinarias de mantemento dos Sistemas de Saneamento-**. No caso de vertidos de augas residuais ás rías de Galicia, de acordo co establecido no punto 2.1 do protocolo, consultarase a Consellería do Mar, para que valore as actuacións propostas no que respecta á idoneidade das datas previstas.

O vertido puntual de augas residuais de Vigo durante as obras de ampliación e modernización da depuradora estaba programado dende facía tempo, sen embargo, sufriu modificacións de última hora en canto aos puntos de vertido e a data de execución das actuacións, que finalmente se iniciaron o 15 de febreiro.

No marco do programa de control organizouse a toma de mostras en diferentes puntos da ría durante os días 16, 17, 20, 22, 24 e 27 para a análise microbiolóxica dos moluscos bivalvos da parte media e externa da ría de Vigo para avaliar o impacto da incidencia. Os resultados deste seguimento mostraron que unicamente o polígono de bateas Cangas H presentou resultados anormais se ben, na data do 22/02/2017, xa tiña recuperado o nivel habitual. No resto das zonas de produción analizadas non se detectaron diferenzas significativa entre os resultados anteriores e posteriores ao vertido, e en ningún caso se superou o límite establecido na lexislación vixente para a clasificación microbiolóxica das zonas de clase B.

Os períodos nos que non se puido mariscar polo informe desfavorable emitido polo Intecmar como medida precautoria foron os seguintes:

- 15,16 de febreiro para o marisqueo a pe nos bancos situados entre Toralla e Bouzas.
- 15,16,20,21,22 de febreiro para marisqueo a pe nos bancos situados na zona externa da ría de Vigo.
- 15,16,20,21,22 de febreiro para o marisqueo de longueirón no banco de Samil.
- 15,16,17,20,20,21,22 de febreiro para o marisqueo da anémona na zona de Toralla e O Bao.

A repercusión dos peches da actividade extractiva nunha parte da ría de Vigo, foi diferente para cada plan de explotación. Os días do mes de febreiro anulados no plan de marisqueo a pe puideron ser recuperado nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 150 xornadas ao longo do ano. No plan de marisqueo a flote tiveron que cambiar de zona e desprazarse aos bancos situados no interior da ría. No plan de extracción de longueirón puideron ser recuperados nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 55 xornadas ao longo do ano. Por último, no plan de extracción de anémona tamén puideron ser recuperados nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 5 xornadas a pé e 50 xornadas a mergullo ao longo do ano.

No que respecta a sinalización das actividades desenvolvidas pola empresa que instalou o emisario submarino da EDAR de Vigo, a Consellería de Mar non ten competencias ao respecto, o responsable da seguridade no tráfico marítimo lle corresponde á -Subdirección General de Seguridade, Contaminación e Inspección Marítima- do -Ministerio de Fomento-. A competencia que ten a nosa


Consellería limitábase a regular, en continuidade co disposto pola UE, a sinalización das artes de pesca e marisqueo.

Por outra banda, en canto á suposta mortalidade de ameixa rubia e a súa suposta vinculación coa depuradora do Lagares, sinalar que no Intecmar non se notificou ningún episodio de mortalidade de ameixa rubia na ría de Vigo ao longo do ano 2017.

Neste punto cabe lembrar que no ano 2012 a Consellería do Medio Rural e do Mar encargaron, a investigadores do CIMA, a acción de investigación -Análise preliminar da problemática de diminución da produción de ameixa rubia (*Venerupis rhomboides*) na ría de Vigo-. Os resultados deste estudo presentaron en conxunto abundancias de poboación moi reducidas e, en moitos casos, estruturas de tamaños desequilibrados, suxerindo a existencia dun déficit na incorporación de xuvenís á fracción comercial. O estudo histopatolóxico levado a cabo en estas poboacións mostrou a presenza de Colonias Procariotas Intracelulares na branquia (CPI-I) con prevalencias moi altas e Intensidades de infección moderadas e baixas, así como Colonias Procariotas Intracelulares hiperparasitadas por un virus (CPI-II). As CPI-I e CPI-II xa foran detectadas no 2010 e 2011 asociadas a mortalidades.

Como continuación dese estudo preliminar, no ano 2013 pónse en marcha a acción de investigación -Estudio epidemiolóxico da ameixa rubia (*Venerupis romboides*) en Galicia afectada por colonias procariotas intracelulares (CPI). Identificación das CPI. Seguimento da estrutura de tallas de poboacións de ameixa rubia de 4 bancos da ría de Vigo- para profundar no estudo da ameixa rubia na ría de Vigo. Cos seguintes resultados:

- Rexistrouse un descenso da intensidade das CPI-I a partir do ano 2012 ata o ano 2015 (en Cabo do Mar), coincidindo coa melloría detectada no estudo da poboación.
- A presenza de CPI-I e CPI-II é normal en ameixa rubia xa que se atopan prevalencias altas indistintamente en bancos afectados por mortalidade e en bancos control.
- É o aumento da intensidade de infección do CPI-I o que desemboca nos episodios de mortalidade.
- Descenso das capturas na ría de Vigo en 2016 con respecto a 2015 ao contrario que o resto de Galicia.



Por último, a Consellería de Medio Ambiente informa que a nova EDAR de Vigo, que foi inaugurada o pasado mes de marzo e está actualmente en fase de posta en marcha, dá cumprimento á directiva europea sobre saneamento de augas residuais urbanas, en especial, no referente á calidade microbiolóxica necesaria para cumprir cos requisitos de calidade da cría de moluscos e as augas de baño.

Esta infraestrutura conta cunha capacidade de tratamento para 800.000 habitantes equivalentes e unha capacidade de ata 12 m<sup>3</sup>/s en situación de choivas, o que supón tratar todas as augas residuais conducidas pola rede de colectores e evitar os alivios directos na desembocadura do río Lagares. Coa posta en marcha desta infraestrutura hidráulica, a calidade das masas de auga da ría de Vigo mellorará considerablemente, e, polo tanto, a actividade marisqueira”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 15:15:56

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5549**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa oferta de formación profesional na Costa da Morte, as súas intencións referidas á súa ampliación e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A oferta de formación profesional en cada comarca de Galicia depende directamente da demanda existente. Ao final de cada curso faise un estudo pormenorizado da matrícula, para facer un proxecto da oferta de cara ao curso seguinte.

Neste estudo, que se elabora directamente cos centros educativos de secundaria e formación profesional, analízase, ademais da demanda, as necesidades económica e empresariais da súa contorna, para adecuar así a oferta á demanda existente.

Polo tanto, a oferta de formación profesional na Costa da Morte está e estará confeccionada tendo en conta estas variables e a realidade existente.

Tendo en conta que existe un número mínimo de alumnado demandante para cada ciclo, así como a dispersión poboacional de Galicia, nos últimos anos deuse un impulso a formación profesional a distancia e a formación profesional modular, para a compatibilidade total dos estudos de formación profesional co lugar de residencia ou coa actividade laboral.

A oferta actual de formación profesional en Galicia non está pensada para cubrir as máximas necesidades posibles e ao maior número de poboación, tanto coa modalidade presencial como coas modalidades semipresenciais ou a distancia.

En ningún momento da nosa Historia como autonomía, a aposta pola formación profesional en Galicia foi tan clara, tanto en incremento de número de prazas, como en modalidades, en oferta formativa, en recursos e en instalacións.

Todos os datos sobre a oferta formativa e alumnado pódense consultar na web da rede de Formación Profesional de Galicia no seguinte enderezo:

[http://www.edu.xunta.es/fp/.](http://www.edu.xunta.es/fp/)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 14:21:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2815**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para facilitar a navegación na entrada e saída dos peiraos e mellorar a seguridade das embarcacións e dos seus tripulantes”**, (publicada no BOPG número 43 do 12 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de revisar e reparar nos últimos anos un total de 96 sinais de balizamento marítimo das case 400 instalada en terra na contorna dos peiraos de titularidade autonómica. Con esta actuación o ente público reforza as condicións de seguridade para a navegación das embarcacións que acceden aos portos galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:14:45

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2990**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia do número de xulgados especializados en violencia de xénero existentes en Galicia”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención a criterios obxectivos e á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Pola súa banda, a proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia.

En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades asignado que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

A Xunta, pola súa banda, vén establecendo medidas de apoio -prolongacións de xornada do persoal de auxilio- de acordo ás necesidades que se acordan no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tamén cómpre indicar que o Goberno galego puxo en marcha o pasado ano o servizo de atención psicolóxica especializada ás vítimas do delito nas oficinas dependentes dos decanatos dos xulgados das sete grandes cidades galegas, no marco dun convenio asinado co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; logo do remate do período contemplado no devandito convenio, e dada a importancia desta atención, a Xunta de Galicia consolidou a dita intervención psicolóxica pasando a ser prestado o servizo por persoal propio, de xeito que dende o pasado 1 de marzo comezaron as súas funcións 7 novas persoas psicólogas nas ditas oficinas para a prestación da atención psicolóxica ás vítimas.

No que atinxe ás dependencias xudiciais, con carácter xeral os xulgados contan con espazos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións. Na medida que a capacidade actual das infraestruturas o permiten, a Xunta de Galicia ten levado a cabo en diversas sedes xudiciais o acondicionamento de espazos (por exemplo, en todas as cidades galegas e nas vilas de Ordes, Bande, O Barco, Verín, Cambados, Marín) para impedir que a vítima se atope co seu agresor. As medidas pasan por habilitar un espazo propio e diferenciado e, naqueles casos nos que actualmente esta solución non é posible, existen outras medidas de carácter organizativo que poden e deben adoptar as autoridades xudiciais para reforzar esta previsión á hora de acordar unha determinada dilixencia xudicial. Ademais, hai protocolos e usos de actuación das Forzas e Corpos de Seguridade, así como do propio persoal funcionario xudicial, para preservar a intimidade das vítimas en espazos diferenciados do edificio xudicial e así evitar a confrontación visual entre agresor e vítima.

Por último, a través da EGAP ofértase formación en materia de xénero para o funcionariado dependente da comunidade autónoma de Galicia. Ademais, aínda





que non corresponde á Xunta a formación do persoal xuíz, fiscal e letrado da Administración de Xustiza, e co gallo de favorecer de forma concreta a formación continua dos xuíces e maxistrados destinados en Galicia, a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial. Neste marco, en 2018 está prevista a oferta de prazas para a formación en violencia de xénero, con atención aos seus aspectos procesuais de investigación e axuizamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:13:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5475**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o coñecemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das necesidades dos centros educativos do medio rural de Galicia**”, (publicada no BOPG número 75 do 1 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que require esta pregunta foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta 3698, convertida en escrita por fin de período de sesións, e publicada no BOPG número 180 do 22.9.17.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:54:30



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9626**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o proceso de simplificación da lexislación comunitaria para artes de pesca**”, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Todos sabemos que a Pesca é un sector moi regulado, cunha normativa ampla tanto a nivel internacional coma comunitario e nacional. En moitas ocasións, este exceso de regulamentación supón un atranco á actividade profesional dos pescadores, polo que debemos, entre todos minorar e corrixir esta situación.

Por ese motivo, dende este Departamento se están a levar a cabo determinadas xestións para rematar con esta complexidade administrativa, como as levadas a cabo coa reforma do Regulamento de Medidas Técnicas, ou coa simplificación dos requirimentos do botiquín en embarcacións de escaso porte, sen ponte no seu interior, e que faenan moi preto da costa.

Os resultados empezan a dar os seus froitos, xa que por exemplo, no que respecta ao Regulamento de Medidas Técnicas, os ministros de pesca dos países da UE aprobaban en pasadas datas un novo documento de proposta co obxectivo de defender unhas medidas técnicas máis simples para o sector pesqueiro, ou o que é o mesmo, reducir as normas sobre a conservación dos recursos e a protección dos ecosistemas mariños. O certo é que se sentan unhas bases comúns tras a división que sobre este tema se producía nun primeiro momento no conxunto dos Estados Membros. Pois, nese afán de simplificación uniformizábanse cousas que son diferentes e consideramos que debería ir máis en consonancia coa actividade que practica cada frota en cada caladoiro.

Por outra banda, con respecto á normativa que afectaba aos botiquíns a bordo das embarcacións, a Xunta trasladou á Unión Europea unhas propostas feitas por parte de Galicia, concretamente dentro dun grupo de traballo creado para tal fin no seo do Consello Galego de Pesca e co senso de reunir toda a información necesaria para complementar a nosa proposta, que é a de reducir á frota de baixura as obrigas relacionadas co botiquín de tipo 'C' que deben levar a bordo dos buques. Pois ben, pediuse unha nova reclasificación que simplificaría os contidos do botiquín e sería máis axeitada para os buques de artes menores, que navegan moi preto da costa.

Foi no marco dunha reunión celebrada en decembro do ano pasado en Bruxelas entre a conselleira do Mar e o director xeral da unidade B de emprego da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Unión Europea, na cal se lle deu traslado de todas as peticións do informe emitido polo Consello Galego de Pesca.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:13:22



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9631**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o balance pola Xunta de Galicia dos datos da campaña de libre marisqueo desta anualidade**”, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballa e traballará sempre na defensa da produción dos bancos de libre marisqueo como os Lombos do Ulla. Sempre con dúas condicións: que as actuacións que se fagan sexan útiles e que sexan ratificadas tecnicamente.

Dende que entrou este Goberno realizamos diferentes accións para a mellora da produción dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa. Entre elas:

Remoción do sedimento nunha parte do Bohído non produtiva.

Limpeza de restos de algas depositadas nos fondos dunha parte de Cabío.

Control de depredadores.

Traslado do molusco denominado reló de talla superior a 35 mm. por fóra de onde abunda.

Ademais realizamos estudos e análises da presenza do parasito marteiliose que afecta ao berberecho. O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño fai un seguimento exhaustivo e o Centro de Investigacións Mariñas está desenvolver unha acción de investigación que busca unha caste resistente ao parasito.



Neste traballo apostamos por implicar ao sector. De feito, trasladámoslle a posibilidade de realizar un plan específico nas zonas de libre marisqueo de Arousa, tal e como se fixo noutras rías como a de Muros e Noia, Ferrol, Pontevedra, Vigo ou na banda sur da de Arousa.

O 1 de febreiro a conselleira do Mar reuniuse cos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa e na xuntanza acordaron que as asistencias técnicas das confrarías se ían reunir para facer unha proposta dos mellores sistemas de xestión das zonas e cando teñan esa proposta trasladarana á Consellería.

A Xunta continuará a traballar en todas cantas accións contribúan a unha mellora da situación dos barcos marisqueiros e continuará aberta a escoitar as propostas e demandas do sector para analizar a súa viabilidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:14:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9633**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os prazos establecidos pola Consellería do Mar para mellorar a sinalización de bateas e os accesos aos portos**”, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Hai que comezar sinalando que estamos totalmente de acordo con esta petición, porque ademais, a propia Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, está a traballar de xeito coordinado con Portos do Estado para aprobar definitivamente a proposta que foi elaborada xa dende finais do ano 2015 polo ente público e que contemplaba a sinalización de accesos aos portos autonómicos incluíndo tamén a sinalización dos polígonos de bateas.

Dita proposta foi presentada no mes de febreiro de 2016 por Portos de Galicia ante Puertos del Estado, que lembremos que é o organismo encargado da súa tramitación e aprobación. Dende dita presentación, Puertos del Estado está a cumprir cos pasos regrados de tramitación, que inclúen consultas a diferentes organismos e entidades, como Capitanías Marítimas, confrarías de pescadores e asociacións sectoriais. Ten unha aprobación dos expedientes pola Comisión de Faros.

Neste camiño é certo que a Comisión de Faros de xuño de 2017 decidiu facer unha modificación da proposta que presentara Portos, polo que se procedeu a modificala e á súa remisión de novo a Portos do Estado. Esa proposta terá que ser aprobada e ratificada por Portos do Estado.

Paralelamente e porque sabemos que o tempo apremia cando se trata de mellorar a seguridade no mar, sabemos que Portos de Galicia está preparando, para non perder tempo,

a licitación do proxecto para tela lista en canto se ratifique por parte de Puertos del Estado esta proposta e saír canto antes co proxecto construtivo da primeira fase do proxecto.

Unha vez aprobada dita proposta, Portos de Galicia e as Autoridades Portuarias galegas, executarán o plan de sinalización previsto, que inclúe a dotación de 98 novos sinais marítimos.

Por outra banda, lembrar que a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia vén de revisar e reparar nos últimos anos un total de 96 sinais de balizamento marítimo das case 400 instalada en terra na contorna dos peiraos de titularidade autonómica. Con esta actuación o ente público reforza as condicións de seguridade para a navegación das embarcacións que acceden aos portos galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:14:05



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9635**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a estratexia Blue Growth que leva a cabo o Porto de Vigo**”, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Blue Growth é unha estratexia a longo prazo establecida pola Directorate General for Maritime Affairs and Fisheries da Unión Europea (DG MARE) para apoiar o crecemento sustentable dos sectores mariño e marítimo, e recoñecer a importancia dos mares e dos océanos como motores da economía europea, polo seu gran potencial para a innovación e o crecemento.

A estratexia consta de tres compoñentes:

Medidas específicas da Política Marítima Integrada.

Estratexias para o crecemento sustentable tendo en conta os factores de carácter local.

Actuacións específicas nos ámbitos da acuicultura, o turismo costeiro, a biotecnoloxía mariña, a enerxía oceánica e a explotación mineira dos fondos mariños.

A principios do 2016, a Consellería do Mar decidiu encomendar a implantación da Estratexia Blue Growth ao Porto de Vigo que, debido ás súas características especiais, semellaba o escenario perfecto para a realización de este exercicio.

Pensose nas infraestruturas portuarias viguesas e na súa contorna como as mellores candidatas, debido a que son escenarios clave da vida marítima nos que conflúen axentes diversos que marcan a evolución económica e social no eido marítimo, o que axuda a abordar unha análise conxunta dende unha concepción do todo.

O Plan Blue Growth Porto de Vigo 2016 – 2020 implántase co obxectivo de apoiar o crecemento de emprego e de riqueza vinculada ao mar, de forma sostible e respectuosa co medio ambiente e que, á súa vez, mellore as condicións de traballo e de futuro das persoas que viven do mar.

O Plan Blue Grow pretende lograr a execución dos proxectos e accións que o compoñen, así como dinamizar e dar seguimento á súa implantación, tendo presente a medición do seu impacto socioeconómico e ambiental.

Os catro obxectivos estratéxicos do Plan Blue Grow son ter un porto: conectado, innovador, verde e inclusivo.

O obxectivo económico da iniciativa é a captación de 207 M €. Ata o momento, solicitáronse 45,6 M € a fondos europeos e financiamento público – privado (22% do orzamento total).

Das 44 propostas iniciais, están en marcha preto do 90% do total do Plan Blue Grow, destacando aquelas relacionadas ca análise dos tempos do PIF, a Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios, a eliminación dos vertidos nas dársenas, o aumento da captación de novos tráxicos na terminal ro-ro, e a mellora das condicións laborais dos traballadores do mar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:13:50





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2970**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia do número de xulgados existentes en Galicia especializados en violencia de xénero, as súas intencións respecto da demanda a o Ministerio de Xustiza do seu incremento no ano 2017 e a realización de reformas nas dependencias xudiciais para evitar o cruzamento entre vítimas e agresores, así como o aumento do persoal destes xulgados e a formación específica e periódica na materia”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención a criterios obxectivos e á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Pola súa banda, a proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia.

En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades asignado que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

A Xunta, pola súa banda, vén establecendo medidas de apoio -prolongacións de xornada do persoal de auxilio- de acordo ás necesidades que se acordan no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tamén cómpre indicar que o Goberno galego puxo en marcha o pasado ano o servizo de atención psicolóxica especializada ás vítimas do delito nas oficinas dependentes dos decanatos dos xulgados das sete grandes cidades galegas, no marco dun convenio asinado co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; logo do remate do período contemplado no devandito convenio, e dada a importancia desta atención, a Xunta de Galicia consolidou a dita intervención psicolóxica pasando a ser prestado o servizo por persoal propio, de xeito que dende o pasado 1 de marzo comezaron as súas funcións 7 novas persoas psicólogas nas ditas oficinas para a prestación da atención psicolóxica ás vítimas.

No que atinxe ás dependencias xudiciais, con carácter xeral os xulgados contan con espazos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións. Na medida que a capacidade actual das infraestruturas o permiten, a Xunta de Galicia ten levado a cabo en diversas sedes xudiciais o acondicionamento de espazos (por exemplo, en todas as cidades galegas e nas vilas de Ordes, Bande, O Barco, Verín, Cambados, Marín) para impedir que a vítima se atope co seu agresor. As medidas pasan por habilitar un espazo propio e diferenciado e, naqueles casos nos que actualmente esta solución non é posible, existen outras medidas de carácter organizativo que poden e deben adoptar as autoridades xudiciais para reforzar esta previsión á hora de acordar unha determinada dilixencia xudicial. Ademais, hai protocolos e usos de actuación das Forzas e Corpos de Seguridade, así como do propio persoal funcionario xudicial, para preservar a intimidade das vítimas en espazos diferenciados do edificio xudicial e así evitar a confrontación visual entre agresor e vítima.

Por último, a través da EGAP ofértase formación en materia de xénero para o funcionariado dependente da comunidade autónoma de Galicia. Ademais, aínda que non corresponde á Xunta a formación do persoal xuíz, fiscal e letrado da Administración de Xustiza, e co gallo de favorecer de forma concreta a formación continua dos xuíces e maxistrados destinados en Galicia, a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial. Neste marco, en 2018 está prevista a



oferta de prazas para a formación en violencia de xénero, con atención aos seus aspectos procesuais de investigación e axuizamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:14:06



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8350**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os resultados da aplicación da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local**”, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local supuxo articular un marco de acción sensible ás necesidades específicas da organización municipal galega para solventar as dúbidas existentes na aplicación da nova normativa estatal. Esta normativa garante, ademais, a autonomía local dos concellos galegos e mantén o sistema de prestación de servizos públicos específico de Galicia.

Trala aplicación desta Lei, o conxunto da cidadanía galega puido acreditar que se mantivo a calidade e cantidade de servizos que reciben dos concellos, que continúan desenvolvendo o seu labor con total normalidade e con todas as garantías.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:13:49



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9262**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“ao cumprimento na actualidade dos requisitos de rotulación establecidos na subvención do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia no vehículo adquirido para o servizo da Alcaldía de Abadín”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A concesión de calquera subvención está sometida ao cumprimento e acreditación dos requisitos esixidos polas bases reguladoras. En 2016, o concello de Abadín formulou un proxecto baixo a denominación xeral de ‘Anteprojecto de actuacións do Fondo de Compensación Ambiental’, nos que se incluíu a adquisición dun vehículo. Como non podía ser doutro xeito, chegado o momento da xustificación da execución dos proxectos subvencionados, o concello achegou a documentación correspondente, entre as que se achegaron diversas fotografías nas que se aprecia a rotulación coa publicidade do financiamento, e se comproba que corresponde co modelo establecido no anexo XI da orde. A Dirección Xeral de Administración Local realiza as comprobacións necesarias e verifícase que o vehículo conta actualmente coa rotulación esixida.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:13:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10097**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“os datos referidos ás salas destinadas nos xulgados de Galicia á atención e protección dos menores testemuñas ou vítimas de violencia de xénero, así como ás avaliacións de testemuña infantil realizadas polo IMELGA dende o ano 2015 e o tempo medio de demora existente entre a presentación da denuncia ou notificación e a recollida do testemuño infantil”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) dispón de equipos psicosociais nos que actúan de forma conxunta os profesionais da psicoloxía e do traballo social. Os datos dispoñibles sobre o seu traballo poden consultarse na memoria anual que publica o Imelga no portal web da Xunta de Galicia.

De acordo con esta memoria anual, os datos xerais no que atinxe á pericia psicolóxica son os seguintes:

<b>SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016</b>	
<b>PSICOLOXÍA FORENSE</b>	
VALORACIÓNS PSICOFÍSICAS	7
VALORACIÓNS PSIQUIÁTRICAS	16
VALORACIÓNS PSICOLÓXICAS	333
INTERCONSULTA PSICOLÓXICA	49
PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	220
AGRESIÓN SEXUAL	5
OUTROS	3
PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	2534
<b>NÚMERO TOTAL DE PERICIA PSICOLÓXICA SOLICITADA</b>	<b>3.167</b>
<b>NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS</b>	<b>2.174</b>
OUTRAS ACTUACIÓNS	942

Nas memorias tamén se poden consultar, máis polo miúdo, desagregado por subdireccións do Imelga, os datos por credibilidade de menores abusados, por dano psicolóxico, valoración da personalidade ou valoración intelectual. De feito, con relación á credibilidade da testemuña de menores vítimas de abuso, en 2016 os psicólogos/as do Imelga interviñeron en 192 testificais de menores.

Por outra banda, que se refire á pericia social, os datos xerais achegados, novamente, pola memoria anual do Imelga son:

<b>SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016</b>	
<b>TRABALLO SOCIAL FORENSE</b>	
VALORACIÓNS PSICOFÍSICAS	4
VALORACIÓNS PSIQUIÁTRICAS	10
VALORACIÓNS SOCIAIS	25
INTERCONSULTA SOCIAL	3
OUTROS	15
PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	2446
PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	167
<b>NÚMERO TOTAL DE PERICIAS DE TRABALLO SOCIAL SOLICITADAS</b>	<b>2.670</b>
<b>NÚMERO TOTAL DE INFORMES EMITIDOS</b>	<b>1.658</b>
OUTRAS ACTUACIÓNS	673

Finalmente, cómpre indicar que o procedemento para a declaración destes/as menores realízase en salas independentes e con equipos electrónicos que garanten a protección para o neno ou nena testemuña ou vítima.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 16:37:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **5550**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa oferta de formación profesional na Costa da Morte, as súas intencións referidas á súa ampliación e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A oferta de formación profesional en cada comarca de Galicia depende directamente da demanda existente. Ao final de cada curso faise un estudo pormenorizado da matrícula, para facer un proxecto da oferta de cara ao curso seguinte.

Neste estudo, que se elabora directamente cos centros educativos de secundaria e formación profesional, analízase, ademais da demanda, as necesidades económica e empresariais da súa contorna, para adecuar así a oferta á demanda existente.

Polo tanto, a oferta de formación profesional na Costa da Morte está e estará confeccionada tendo en conta estas variables e a realidade existente.

Tendo en conta que existe un número mínimo de alumnado demandante para cada ciclo, así como a dispersión poboacional de Galicia, nos últimos anos deuse un impulso a formación profesional a distancia e a formación profesional modular, para a compatibilidade total dos estudos de formación profesional co lugar de residencia ou coa actividade laboral.

A oferta actual de formación profesional en Galicia non está pensada para cubrir as máximas necesidades posibles e ao maior número de poboación, tanto coa modalidade presencial como coas modalidades semipresenciais ou a distancia.

En ningún momento da nosa historia como autonomía, a aposta pola formación profesional en Galicia foi tan clara, tanto en incremento de número de prazas, como en modalidades, en oferta formativa, en recursos e en instalacións.

Todos os datos sobre a oferta formativa e alumnado pódense consultar na web da rede de Formación Profesional de Galicia no seguinte enderezo:

[http://www.edu.xunta.es/fp/.](http://www.edu.xunta.es/fp/)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:13:53



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7616**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas polo Goberno galego ante o Goberno central para o afortalamiento dos acordos pesqueiros con terceiros países e do labor das organizacións rexionais de pesca”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que, en relación ás xestións realizadas xunto ao Goberno do Estado para promover a adopción dos pasos pertinentes por parte da Unión Europea no fortalecemento do papel das Organizacións Rexionais de Pesca e na consecución de maiores posibilidades de pesca ao abeiro de acordos internacionais con terceiros países, cómpre sinalar que este asunto foi transmitido por parte deste departamento en dúas reunións celebradas coa Secretaria General de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, con data de 2 de xuño e 8 de xuño de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:14:38





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9615**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o proceso de simplificación da lexislación comunitaria para artes de pesca**”, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Todos sabemos que a Pesca é un sector moi regulado, cunha normativa ampla tanto a nivel internacional coma comunitario e nacional. En moitas ocasións, este exceso de regulamentación supón un atranco á actividade profesional dos pescadores, polo que debemos, entre todos minorar e corrixir esta situación.

Por ese motivo, dende este Departamento se están a levar a cabo determinadas xestións para rematar con esta complexidade administrativa, como as levadas a cabo coa reforma do Regulamento de Medidas Técnicas, ou coa simplificación dos requirimentos do botiquín en embarcacións de escaso porte, sen ponte no seu interior, e que faenan moi preto da costa.

Os resultados empezan a dar os seus froitos, xa que por exemplo, no que respecta ao Regulamento de Medidas Técnicas, os ministros de pesca dos países da UE aprobaban en pasadas datas un novo documento de proposta co obxectivo de defender unhas medidas técnicas máis simples para o sector pesqueiro, ou o que é o mesmo, reducir as normas sobre a conservación dos recursos e a protección dos ecosistemas mariños. O certo é que se sentan unhas bases comúns tras a división que sobre este tema se producía nun primeiro momento no conxunto dos Estados Membros. Pois, nese afán de simplificación uniformizábanse cousas que son diferentes e consideramos que debería ir máis en consonancia coa actividade que practica cada frota en cada caladoiro.

Por outra banda, con respecto á normativa que afectaba aos botiquíns a bordo das embarcacións, a Xunta trasladou á Unión Europea unhas propostas feitas por parte de Galicia, concretamente dentro dun grupo de traballo creado para tal fin no seo do Consello Galego de Pesca e co senso de reunir toda a información necesaria para complementar a nosa proposta, que é a de reducir á frota de baixura as obrigas relacionadas co botiquín de tipo 'C' que deben levar a bordo dos buques. Pois ben, pediuse unha nova reclasificación que simplificaría os contidos do botiquín e sería máis axeitada para os buques de artes menores, que navegan moi preto da costa.

Foi no marco dunha reunión celebrada en decembro do ano pasado en Bruxelas entre a conselleira do Mar e o director xeral da unidade B de emprego da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Unión Europea, na cal se lle deu traslado de todas as peticións do informe emitido polo Consello Galego de Pesca.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:13:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9630**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance pola Xunta de Galicia da campaña de libre marisqueo desta anualidade, así como a evolución respecto aos anos anteriores e as previsións cara á vindeira campaña en Galicia”**, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballa e traballará sempre na defensa da produción dos bancos de libre marisqueo como os Lombos do Ulla. Sempre con dúas condicións: que as actuacións que se fagan sexan útiles e que sexan ratificadas tecnicamente.

Dende que entrou este Goberno realizamos diferentes accións para a mellora da produción dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa. Entre elas:

Remoción do sedimento nunha parte do Bohído non produtiva.

Limpeza de restos de algas depositadas nos fondos dunha parte de Cabío.

Control de depredadores.

Traslado do molusco denominado reló de talla superior a 35 mm. por fóra de onde abunda.

Ademais realizamos estudos e análises da presenza do parasito marteiliose que afecta ao berberecho. O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño fai un seguimento exhaustivo e o Centro de Investigacións Mariñas está desenvolver unha acción de investigación que busca unha caste resistente ao parasito.

Neste traballo apostamos por implicar ao sector. De feito, trasladámoslle a posibilidade de realizar un plan específico nas zonas de libre marisqueo de Arousa, tal e como se fixo noutras rías como a de Muros e Noia, Ferrol, Pontevedra, Vigo ou na banda sur da de Arousa.

O 1 de febreiro a conselleira do Mar reuniuse cos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa e na xuntanza acordaron que as asistencias técnicas das confrarías se ían reunir para facer unha proposta dos mellores sistemas de xestión das zonas e cando teñan esa proposta trasladarana á Consellería.

A Xunta continuará a traballar en todas cantas accións contribúan a unha mellora da situación dos barcos marisqueiros e continuará aberta a escoitar as propostas e demandas do sector para analizar a súa viabilidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:14:30**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9632**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as propostas elaboradas por Portos de Galicia destinadas a mellorar a sinalización luminosa dos accesos aos peiraos e bateas, así como os prazos establecidos pola Consellería do Mar para levar a cabo estas medidas”**, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Hai que comezar sinalando que estamos totalmente de acordo con esta petición, porque ademais, a propia Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, está a traballar de xeito coordinado con Portos do Estado para aprobar definitivamente a proposta que foi elaborada xa dende finais do ano 2015 polo ente público e que contemplaba a sinalización de accesos aos portos autonómicos incluíndo tamén a sinalización dos polígonos de bateas.

Dita proposta foi presentada no mes de febreiro de 2016 por Portos de Galicia ante Puertos del Estado, que lembremos que é o organismo encargado da súa tramitación e aprobación. Dende dita presentación, Puertos del Estado está a cumprir cos pasos regrados de tramitación, que inclúen consultas a diferentes organismos e entidades, como Capitanías Marítimas, confrarías de pescadores e asociacións sectoriais. Ten unha aprobación dos expedientes pola Comisión de Faros.

Neste camiño é certo que a Comisión de Faros de xuño de 2017 decidiu facer unha modificación da proposta que presentara Portos, polo que se procedeu a modificala e á súa remisión de novo a Portos do Estado. Esa proposta terá que ser aprobada e ratificada por Portos do Estado.

Paralelamente e porque sabemos que o tempo apremia cando se trata de mellorar a seguridade no mar, sabemos que Portos de Galicia está preparando, para non perder tempo, a licitación do proxecto para tela lista en canto se ratifique por parte de Puertos del Estado esta proposta e saír canto antes co proxecto construtivo da primeira fase do proxecto.

Unha vez aprobada dita proposta, Portos de Galicia e as Autoridades Portuarias galegas, executarán o plan de sinalización previsto, que inclúe a dotación de 98 novos sinais marítimos.

Por outra banda, lembrar que a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia vén de revisar e reparar nos últimos anos un total de 96 sinais de balizamento marítimo das case 400 instalada en terra na contorna dos peiraos de titularidade autonómica. Con esta actuación o ente público reforza as condicións de seguridade para a navegación das embarcacións que acceden aos portos galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:14:15**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9634**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a estratexia Blue Growth que leva a cabo o Porto de Vigo”**, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Blue Growth é unha estratexia a longo prazo establecida pola Directorate General for Maritime Affairs and Fisheries da Unión Europea (DG MARE) para apoiar o crecemento sustentable dos sectores mariño e marítimo, e recoñecer a importancia dos mares e dos océanos como motores da economía europea, polo seu gran potencial para a innovación e o crecemento.

A estratexia consta de tres compoñentes:

Medidas específicas da Política Marítima Integrada.

Estratexias para o crecemento sustentable tendo en conta os factores de carácter local.

Actuacións específicas nos ámbitos da acuicultura, o turismo costeiro, a biotecnoloxía mariña, a enerxía oceánica e a explotación mineira dos fondos mariños.

A principios do 2016, a Consellería do Mar decidiu encomendar a implantación da Estratexia Blue Growth ao Porto de Vigo que, debido ás súas características especiais, semellaba o escenario perfecto para a realización de este exercicio.

Pensose nas infraestruturas portuarias viguesas e na súa contorna como as mellores candidatas, debido a que son escenarios clave da vida marítima nos que conflúen axentes diversos que marcan a evolución económica e social no eido marítimo, o que axuda a abordar unha análise conxunta dende unha concepción do todo.

O Plan Blue Growth Porto de Vigo 2016 – 2020 implántase co obxectivo de apoiar o crecemento de emprego e de riqueza vinculada ao mar, de forma sostible e respectuosa co medio ambiente e que, á súa vez, mellore as condicións de traballo e de futuro das persoas que viven do mar.

O Plan Blue Grow pretende lograr a execución dos proxectos e accións que o compoñen, así como dinamizar e dar seguimento á súa implantación, tendo presente a medición do seu impacto socioeconómico e ambiental.

Os catro obxectivos estratéxicos do Plan Blue Grow son ter un porto: conectado, innovador, verde e inclusivo.

O obxectivo económico da iniciativa é a captación de 207 M €. Ata o momento, solicitáronse 45,6 M € a fondos europeos e financiamento público – privado (22% do orzamento total).

Das 44 propostas iniciais, están en marcha preto do 90% do total do Plan Blue Grow, destacando aquelas relacionadas ca análise dos tempos do PIF, a Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios, a eliminación dos vertidos nas dársenas, o aumento da captación de novos tráfico na terminal ro-ro, e a mellora das condicións laborais dos traballadores do mar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:13:57



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13285**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas do Goberno para solventar os problemas de seguridade que a aplicación da normativa actual está a ocasionar aos traballadores e traballadoras das cofrarías da Costa da Morte”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que, no marco do proxecto Raia, cofinanciado polo Programa de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) da Unión Europea, diversas institucións desenvolveron unha Infraestrutura de Observación Oceanográfica, que foi implementada no marco do Observatorio Oceánico da Marxe Ibérica (Observatorio RAIA).

No Observatorio RAIA ([www.marnaraia.com](http://www.marnaraia.com)) desenvolvéronse modelos oceano-meteorolóxicos de alta resolución e xeráronse produtos e servizos adaptados ás necesidades dos diferentes sectores. Un dos produtos do observatorio RAIA é ‘Percegurú’ que ten por obxecto achegar información meteorolóxica e marítima ao sector do percebe.

Nin a normativa galega nin as condicións de aprobación dos plans de xestión recollen a obriga de usar ‘Percegurú’ como referencia para permitir o acceso a pé do colectivo a flote cando as condicións do mar non sexan favorables.

En ‘Percegurú’ pódense consultar as condicións oceanográficas e atmosféricas existentes de cada zona concreta do litoral onde se explota o percebe. A ferramenta informa sobre o horario local das mareas, cal vai ser a temperatura ambiente e da auga coa que se vai atopar o percebeiro ou percebeira, con que intensidade e en que dirección van soprar os ventos, cal é a forza e o estado do mar e datos sobre a dirección, frecuencia e altura das ondas.

Nin a normativa galega nin as condicións de aprobación dos plans de xestión establecen 'Percegurú' como referencia para permitir o acceso a pé do colectivo a flote cando as condicións do mar non sexan favorables. A indicación ou predición que proporciona 'Percegurú' é meramente informativa e en ningún momento supón unha obriga para os percebeiros e as percebeiras de permanecer en terra ou de saír a traballar.

Por outra banda, a dirección técnica de todo buque ou embarcación recae sobre o capitán ou patrón da mesma, sendo polo tanto, o criterio técnico de este o que ha de imperar á hora de avaliar as circunstancias reinantes e levar a cabo unha navegación segura, segundo os artigos 171, 182 e 184 da Lei de Navegación Marítima.

Todo isto sen prexuízo de que o establecemento de limitacións á navegación, cando estas non obedecen a razóns de seguridade marítima nin de prevención da contaminación, senón a criterios de explotación de recursos pesqueiros, corresponde á Consellería do Mar, tal e como recolle a resposta do Ministerio de Fomento de 03/03/2017 .

Por último, informar que a Consellería do Mar mantivo diferentes reunións co sector para tratar este aspecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e  
Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:12:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14313**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do Goberno galego na loita contra a violencia machista e a necesidade de incrementar a dotación orzamentaria para cubrir as carencias no ámbito xudicial na loita contra a violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na sesión plenaria do 12 de setembro 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 14311, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, reitérase que a creación de xulgados e a dotación de persoal dos mesmos corresponde aos órganos de goberno do Poder Xudicial, así como autorizar as substitucións que procedan, sendo tamén a retribución do dito persoal competencia do Estado.

En calquera caso, no seo da Conferencia Sectorial de Xustiza celebrada o pasado 26 de xullo, desde a Xunta trasladouse ao Ministerio de Xustiza a preocupación pola situación do xulgado de violencia sobre a muller da Coruña.

Cómpre recordar, ademais, que se aprobaron os acordos parlamentarios 13811, 15102 e 16625 sobre esta mesma materia, cuestión que tamén se ten trasladado ao Goberno central.

En calquera caso, a Xunta reitera o seu compromiso inequívoco na loita contra a violencia machista, como así o amosa o desenvolvemento de políticas específicas na materia que ao longo destes anos.

A Administración autonómica vén establecendo medidas de apoio -prolongacións de xornada do persoal de auxilio- de acordo ás necesidades que se acordan no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tamén cómpre indicar que o Goberno galego puxo en marcha o pasado ano o servizo de atención psicolóxica especializada ás vítimas do delito nas oficinas dependentes dos decanatos dos xulgados



das sete grandes cidades galegas, no marco dun convenio asinado co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; logo do remate do período contemplado no devandito convenio, e dada a importancia desta atención, a Xunta de Galicia consolidou a dita intervención psicolóxica pasando a ser prestado o servizo por persoal propio, de xeito que dende o pasado 1 de marzo comezaron as súas funcións 7 novas persoas psicólogas nas oficinas para a prestación da atención psicolóxica ás vítimas.

No que atinxe ás dependencias xudiciais, con carácter xeral os xulgados contan con espazos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións. Na medida que a capacidade actual das infraestruturas o permiten, a Xunta de Galicia ten levado a cabo en diversas sedes xudiciais o acondicionamento de espazos (por exemplo, en todas as cidades galegas e nas vilas de Ordes, Bande, O Barco, Verín, Cambados, Marín) para impedir que a vítima se atope co seu agresor. As medidas pasan por habilitar un espazo propio e diferenciado e, naqueles casos nos que actualmente esta solución non é posible, existen outras medidas de carácter organizativo que poden e deben adoptar as autoridades xudiciais para reforzar esta previsión á hora de acordar unha determinada dilixencia xudicial. Ademais, hai protocolos e usos de actuación das Forzas e Corpos de Seguridade, así como do propio persoal funcionario xudicial, para preservar a intimidade das vítimas en espazos diferenciados do edificio xudicial e así evitar a confrontación visual entre agresor e vítima.

Por último, a través da EGAP ofértase formación en materia de xénero para o funcionariado dependente da comunidade autónoma de Galicia. Ademais, aínda que non corresponde á Xunta a formación do persoal xuíz, fiscal e letrado da Administración de Xustiza, e co gallo de favorecer de forma concreta a formación continua dos xuíces e maxistrados destinados en Galicia, a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial. Neste marco, en 2018 está prevista a oferta de prazas para a formación en violencia de xénero, con atención aos seus aspectos procesuais de investigación e axuizamento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:12:14

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14375**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta apoia á totalidade dos concellos galegos, a través de diversas convocatorias de subvencións e vías de financiamento. Ademais, a Administración autonómica mantén aberta unha liña de diálogo permanente e fluída coa representación dos concellos, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, para dar resposta ás súas necesidades e demandas.

As entidades locais teñen á súa disposición diversas vías de financiamento como o propio Fondo de Cooperación Local, o Fondo de Compensación Ambiental, ou a orde de Infraestruturas, entre outras.

No caso concreto do fondo adicional do Fondo de Cooperación Local, efectivamente prioriza aos concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou de incorporación voluntaria a outros concellos. Cómpre recordar que a prestación eficiente de servizos públicos é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Unha das fórmulas mais acidas para lograr esa desexada eficiencia é o aproveitamento de sinerxías, para o que resulta fundamental a cooperación interadministrativa. As vantaxes destas iniciativas son coñecidas e están recollidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. É máis, o artigo 13.4 da Lei 7/1985 establece que é obrigatorio potenciar aos concellos fusionados.

En calquera caso, na Orde sinalada na pregunta, malia de priorizar aos concellos fusionados, estableceuse que, no caso de non producirse ningún novo proceso de fusión antes do 30 de setembro de 2017, o 40% do fondo adicional destinaríase a municipios de menos de 15.000

habitantes. Así, e dado que finalmente non se completou ningunha nova fusión municipal, o 40% do fondo adicional inicial de 2.236.227 euros -isto é, 894.490,8 euros- repartiuse entre os 279 municipios de menos de 15.000 habitantes.

Ademais, dispúxose tamén que, se neste exercicio orzamentario se incrementaba a dotación do fondo adicional, o importe do incremento iría destinado integramente aos concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes. Ese incremento produciuse, a través da Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. Este aumento foi de 2.418.000 euros máis, que se repartiron directamente entre os 279 municipios de menos de 15.000 habitantes.

Finalmente, o orzamento do Fondo Adicional ascendeu a 4.654.227, dos que 1.341.736,2 euros foron para os municipios fusionados de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade; mentres que os 3.312.490,8 euros restantes destináronse aos 279 concellos de menos de 15.000 habitantes. Así, como se pode comprobar, a Xunta empregou o Fondo Adicional para apoiar aos concellos fusionados, pero tamén aos concellos máis pequenos.

A Administración autonómica continuará apoiando, como ata o de agora, ao total dos concellos galegos no seu conxunto, ao tempo que seguirá fomentando fórmulas asociativas, que se veñen demostrando como fórmulas axeitadas de xestión de determinadas competencias que exceden da capacidade individual dos municipios e que teñen importantes beneficios a curto, medio e longo prazo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:11:48



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego e as medidas que vai adoptar en relación coa situación de colapso que se está a producir nos xulgados especiais que atenden as demandas relacionadas coas cláusulas chan, nomeadamente nos de Vigo e da Coruña, así como a súa opinión referida ás solicitudes formuladas polo xuíz decano de Vigo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 4 de abril de 2018, no debate da iniciativa con número de rexistro 21998, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 16:35:46



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20475**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade pola Dirección Xeral de Xustiza de licenza de Patrimonio Cultural para as obras que se están a levar a cabo no edificio do Pazo de Xustiza de Ourense, así como do pertinente acordo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para unha cesión de uso respecto dese edificio”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten acometido nos últimos anos, e ao abeiro do Plan de infraestruturas xudiciais, grandes reformas nas instalacións da Administración de Xustiza. Entre as mesmas, dotouse á cidade de Ourense dun novo edificio xudicial, cun investimento de máis de 18 millóns de euros.

Grazas á construción do novo edificio, liberáronse espazos no Pazo de Xustiza da Audiencia Povincial. Así, e coa finalidade de aproveitar os espazos con eficiencia, planificáronse outras obras para adaptar e modernizar os espazos que ocupan as distintas seccións, así como habilitar outros para albergar a Unidade da Policía Autonómica.

Estas obras consisten, por unha banda, en obras menores suxeitas a comunicación, sen necesidade de proxecto técnico e que non afectan a elementos protexidos (artigo 52 da Ordenanza municipal reguladora de actos de natureza urbanística); e, por outra banda outras, obras que, efectivamente, por afectar a elementos protexidos do edificio si están suxeitas a licenza.

Por todo iso e seguindo os criterios indicados polo Servizo de Coordinación da Área Cultural de Delegación Territorial de Ourense, ao que se lle consultou previamente por ser o Pazo de Xustiza de Ourense un ben catalogado con protección estrutural, encargouse a redacción dun proxecto para a instalación do ascensor e da rampla exterior no Pazo de Xustiza que foi entregado coa solicitude de licenza. Actualmente, estase á espera da mesma para proceder ás dúas actuacións.

Por último, a realización das obras no inmovible titularidade da Xunta de Galicia non requiren dunha decisión por parte do Tribunal Superior de Xustiza, sen prexuízo da obrigada comunicación ás



autoridades do Poder xudicial, pois a modificación da afectación do espazo produciuse coa previa mudanza ao novo edificio xudicial da rúa Velázquez s/n”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: e31f52f7-60b8-fc44-0879-6f845da5d938

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:11:24

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12804**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o proceso de simplificación da lexislación comunitaria para artes de pesca**”, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Todos sabemos que a Pesca é un sector moi regulado, cunha normativa ampla tanto a nivel internacional coma comunitario e nacional. En moitas ocasións, este exceso de regulamentación supón un atranco á actividade profesional dos pescadores, polo que debemos, entre todos minorar e corrixir esta situación.

Por ese motivo, dende este Departamento se están a levar a cabo determinadas xestións para rematar con esta complexidade administrativa, como as levadas a cabo coa reforma do Regulamento de Medidas Técnicas, ou coa simplificación dos requirimentos do botiquín en embarcacións de escaso porte, sen ponte no seu interior, e que faenan moi preto da costa.

Os resultados empezan a dar os seus froitos, xa que por exemplo, no que respecta ao Regulamento de Medidas Técnicas, os ministros de pesca dos países da UE aprobaban en pasadas datas un novo documento de proposta co obxectivo de defender unhas medidas técnicas máis simples para o sector pesqueiro, ou o que é o mesmo, reducir as normas sobre a conservación dos recursos e a protección dos ecosistemas mariños. O certo é que se sentan unhas bases comúns tras a división que sobre este tema se producía nun primeiro momento no conxunto dos Estados Membros. Pois, nese afán de simplificación uniformizábanse cousas que son diferentes e consideramos que debería ir máis en consonancia coa actividade que practica cada frota en cada caladoiro.

Por outra banda, con respecto á normativa que afectaba aos botiquíns a bordo das embarcacións, a Xunta trasladou á Unión Europea unhas propostas feitas por parte de Galicia, concretamente dentro dun grupo de traballo creado para tal fin no seo do Consello Galego de Pesca e co senso de reunir toda a información necesaria para complementar a nosa proposta, que é a de reducir á frota de baixura as obrigas relacionadas co botiquín de tipo 'C' que deben levar a bordo dos buques. Pois ben, pediuse unha nova reclasificación que simplificaría os contidos do botiquín e sería máis axeitada para os buques de artes menores, que navegan moi preto da costa.

Foi no marco dunha reunión celebrada en decembro do ano pasado en Bruxelas entre a conselleira do Mar e o director xeral da unidade B de emprego da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Unión Europea, na cal se lle deu traslado de todas as peticións do informe emitido polo Consello Galego de Pesca.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:13:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12810**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o balance pola Xunta de Galicia da campaña de libre marisqueo desta anualidade**”, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballa e traballará sempre na defensa da produción dos bancos de libre marisqueo como os Lombos do Ulla. Sempre con dúas condicións: que as actuacións que se fagan sexan útiles e que sexan ratificadas tecnicamente.

Dende que entrou este Goberno realizamos diferentes accións para a mellora da produción dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa. Entre elas:

- Remoción do sedimento nunha parte do Bohído non produtiva.
- Limpeza de restos de algas depositadas nos fondos dunha parte de Cabío.
- Control de depredadores.
- Traslado do molusco denominado reló de talla superior a 35 mm. por fóra de onde abunda.

Ademais realizamos estudos e análises da presenza do parasito marteillose que afecta ao berberecho. O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño fai un seguimento exhaustivo e o Centro de Investigacións Mariñas está desenvolver unha acción de investigación que busca unha caste resistente ao parasito.

Neste traballo apostamos por implicar ao sector. De feito, trasladámoslle a posibilidade de realizar un plan específico nas zonas de libre marisqueo de Arousa, tal e como se fixo noutras rías como a de Muros e Noia, Ferrol, Pontevedra, Vigo ou na banda sur da de Arousa.

O 1 de febreiro a conselleira do Mar reuniuse cos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa e na xuntanza acordaron que as asistencias técnicas das confrarías se ían reunir para facer unha proposta dos mellores sistemas de xestión das zonas e cando teñan esa proposta trasladarana á Consellería.

A Xunta continuará a traballar en todas cantas accións contribúan a unha mellora da situación dos barcos marisqueiros e continuará aberta a escoitar as propostas e demandas do sector para analizar a súa viabilidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:13:33





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12812**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os prazos previstos pola Consellería do Mar en relación ás melloras na sinalización de bateas e acceso aos portos**”, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Hai que comezar sinalando que estamos totalmente de acordo con esta petición, porque ademais, a propia Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, está a traballar de xeito coordinado con Portos do Estado para aprobar definitivamente a proposta que foi elaborada xa dende finais do ano 2015 polo ente público e que contemplaba a sinalización de accesos aos portos autonómicos incluíndo tamén a sinalización dos polígonos de bateas.

Dita proposta foi presentada no mes de febreiro de 2016 por Portos de Galicia ante Puertos del Estado, que lembremos que é o organismo encargado da súa tramitación e aprobación. Dende dita presentación, Puertos del Estado está a cumprir cos pasos regrados de tramitación, que inclúen consultas a diferentes organismos e entidades, como Capitanías Marítimas, confrarías de pescadores e asociacións sectoriais. Ten unha aprobación dos expedientes pola Comisión de Faros.

Neste camino é certo que a Comisión de Faros de xuño de 2017 decidiu facer unha modificación da proposta que presentara Portos, polo que se procedeu a modificala e á súa remisión de novo a Portos do Estado. Esa proposta terá que ser aprobada e ratificada por Portos do Estado.

Paralelamente e porque sabemos que o tempo apremia cando se trata de mellorar a seguridade no mar, sabemos que Portos de Galicia está preparando, para non perder tempo, a licitación do proxecto para tela lista en canto se ratifique por parte de Puertos del Estado esta proposta e saír canto antes co proxecto construtivo da primeira fase do proxecto.

Unha vez aprobada dita proposta, Portos de Galicia e as Autoridades Portuarias galegas, executarán o plan de sinalización previsto, que inclúe a dotación de 98 novos sinais marítimos.

Por outra banda, lembrar que a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia vén de revisar e reparar nos últimos anos un total de 96 sinais de balizamento marítimo das case 400 instalada en terra na contorna dos peiraos de titularidade autonómica. Con esta actuación o ente público reforza as condicións de seguridade para a navegación das embarcacións que acceden aos portos galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:13:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12814**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a estratexia Blue Growth que leva a cabo o Porto de Vigo**”, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Blue Growth é unha estratexia a longo prazo establecida pola Directorate General for Maritime Affairs and Fisheries da Unión Europea (DG MARE) para apoiar o crecemento sustentable dos sectores mariño e marítimo, e recoñecer a importancia dos mares e dos océanos como motores da economía europea, polo seu gran potencial para a innovación e o crecemento.

A estratexia consta de tres compoñentes:

Medidas específicas da Política Marítima Integrada.

Estratexias para o crecemento sustentable tendo en conta os factores de carácter local.

Actuacións específicas nos ámbitos da acuicultura, o turismo costeiro, a biotecnoloxía mariña, a enerxía oceánica e a explotación mineira dos fondos mariños.

A principios do 2016, a Consellería do Mar decidiu encomendar a implantación da Estratexia Blue Growth ao Porto de Vigo que, debido ás súas características especiais, semellaba o escenario perfecto para a realización de este exercicio.

Pensose nas infraestruturas portuarias viguesas e na súa contorna como as mellores candidatas, debido a que son escenarios clave da vida marítima nos que conflúen axentes diversos que marcan a evolución económica e social no eido marítimo, o que axuda a abordar unha análise conxunta dende unha concepción do todo.

O Plan Blue Growth Porto de Vigo 2016 – 2020 implántase co obxectivo de apoiar o crecemento de emprego e de riqueza vinculada ao mar, de forma sostible e respectuosa co medio ambiente e que, á súa vez, mellore as condicións de traballo e de futuro das persoas que viven do mar.

O Plan Blue Grow pretende lograr a execución dos proxectos e accións que o compoñen, así como dinamizar e dar seguimento á súa implantación, tendo presente a medición do seu impacto socioeconómico e ambiental.

Os catro obxectivos estratéxicos do Plan Blue Grow son ter un porto: conectado, innovador, verde e inclusivo.

O obxectivo económico da iniciativa é a captación de 207 M €. Ata o momento, solicitáronse 45,6 M € a fondos europeos e financiamento público – privado (22% do orzamento total).

Das 44 propostas iniciais, están en marcha preto do 90% do total do Plan Blue Grow, destacando aquelas relacionadas ca análise dos tempos do PIF, a Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios, a eliminación dos vertidos nas dársenas, o aumento da captación de novos tráfico na terminal ro-ro, e a mellora das condicións laborais dos traballadores do mar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:13:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12816**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os beneficios que pode aportar a Galicia e ao sector marisqueiro o traslado a Galicia do Laboratorio Comunitario de Referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos”**, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado no Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do 19 de decembro de 2017, pola conselleira titular deste departamento, a través da resposta ás iniciativas 21414, 21419 e 21420.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:12:46





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12818**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia ante o Goberno central para o fortalecemento dos acordos pesqueiros con terceiros países e da labor das Organizacións Rexionais de Pesca (ORPs)”**, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar continua traballando xunto ao Goberno do Estado para promover a adopción dos pasos pertinentes por parte da Unión Europea no fortalecemento do papel das Organizacións Rexionais de Pesca e na consecución de maiores posibilidades de pesca ao abeiro de acordos internacionais con terceiros países.

Somos conscientes da importancia que a nosa frota de altura debe ter para seguir afondando na busca de novas posibilidades de pesca, alén de tentar que a actividade desenvolvida pola nosa frota teña reflexo en termos de igualdade de condicións de respecto ambiental, social e económico para os doutros países que faenan nas mesmas áreas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:12:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12841**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**en que consiste o ‘Proxecto Candieira’**”, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“‘Candieira’ é un proxecto de cooperación e traballo en rede, entre territorios das diferentes zonas costeiras, co fin de promover iniciativas e actividades dirixidas a mellorar a situación social e laboral das mulleres do mar.

O seu ámbito de aplicación son os seguintes Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro:

Golfo Ártabro Norte

Costa da Morte e Seo de Fisterra

Ría de Muros Noia Costa Sostible

Ría de Arousa

Ría de Vigo - A Guarda

Ría de Pontevedra → coordinador do proxecto

O proxecto impulsará unha Rede colaborativa cara a promoción da igualdade das mulleres do mar no ámbito galego, e ademais favorecerá o emprendemento social e empresarial de este colectivo co obxecto de garantir o relevo profesional co mundo do mar.

O seu principal obxectivo consiste en reforzar a gobernanza e o empoderamento das mulleres do mar nas diferentes zonas costeiras, poñendo en marcha actividades dinamizadoras e innovadoras nas que se tenta mellorar a situación das mulleres do mar,

favorecendo a igualdade de oportunidades, a mellora laboral e profesional, e a xeración de redes de traballo compartido.

Por outra banda, 'Candieira' promóvese no marco da Orde de axudas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

A Consellería do Mar ten programados 1.323.529 € para actividades de cooperación entre Grupos de Acción Local, durante todo o período do FEMP 2014-2020. Na convocatoria do ano 2016 aprobáronse 2 proxectos de cooperación entre grupos por un importe de 226.700 euros. Un deles é o proxecto 'Candieira', para o cal se reservou a cantidade de 136.125 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:12:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13079**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas para o presente ano, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en relación á atención psicolóxica en accidentes e catástrofes”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 11 de outubro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 13078, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 11:17:59



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14166**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego para mitigar as consecuencias negativas do "Brexit" para os emigrantes galegos residentes no Reino Unido”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está plenamente comprometida coa defensa dos dereitos dos galegos e galegas que residen no Reino Unido e permanece atenta ás implicacións e consecuencias que para estas persoas poida ter o abandono da Unión Europea por parte deste país.

O Goberno de España comparte esta mesma preocupación, tal e como trasladou xa ás comunidades autónomas. Neste sentido, o Goberno apuntou que considera a salvagarda dos dereitos da cidadanía deberá ser a primeira prioridade nas negociacións. Galicia participa en todas as reunións de coordinación que se manteñen ao respecto entre o Goberno e as comunidades autónomas no seo da Conferencia para Asuntos Relacionadas coa Unión Europea (CARUE). Estes encontros teñen como obxectivo coordinar a participación das comunidades autónomas en asuntos europeos, e, na actualidade, céntranse moi especialmente en analizar o impacto do Brexit, traballar para fixar prioridades comúns á hora de afrontar a saída do Reino Unido da Unión Europea, e manter ao día a información que reciben as comunidades autónomas sobre a evolución das negociacións. Neste senso, o Goberno galego está a liderar un grupo de traballo na Comisión do Arco Atlántico e tamén contribúe ao debate xerado no Comité Europeo das Rexións.



Ademais, o Goberno autonómico está en contacto permanente coa colectividade galega residente no Reino Unido para telos puntualmente informados dos cambios que se poidan producir, complementando si cabe, a tarefa que neste sentido xa desenvolve a Embaixada de España no país, que ten reforzados os servizos por esta problemática. Polo de agora, o Reino Unido continúa sendo membro da UE e haberá que esperar ao avance das negociacións para coñecer en detalle como vai afectar aos cidadáns europeos residentes no Reino Unido

Por outra banda, hai que lembrar que Galicia foi a primeira rexión en encargarse un informe específico para avaliar os efectos do Brexit no sector pesqueiro e que a nosa Comunidade foi a primeira rexión europea que asinou unha declaración de apoio ás comunidades pesqueiras ante o Brexit no mes de outubro.

Ademais, e en consonancia co acordo acadado no Pleno do Parlamento de Galicia o pasado 22 de febreiro de 2017, a Xunta elaborou, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia e do Consello Económico e Social, un informe sobre os posibles impactos do 'Brexit' na economía galega e nos seus sectores produtivos. Este informe foi rexistrado no Parlamento o pasado 22 de decembro de 2017.

En calquera caso, hai que ter en conta que estamos ante unha situación totalmente nova, que afecta ao conxunto da Unión Europea e á súa cidadanía. Así, a resolución de moitas cuestións fundamentais van depender da realización de convenios bilaterais entre o Reino Unido e España ou coa Unión Europea no seu conxunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:12:55



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14786**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co descenso que presenta o número de embarcacións destinadas á pesca e marisqueo rexistradas en Galicia nos últimos oito anos”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O descenso das frotas pesqueiras e de número de embarcacións é unha tendencia a nivel mundial e débese sobre todo ao establecemento de plans de xestión destinados a salvagardar a sustentabilidade da pesca na maioría dos caladoiros internacionais nos que faena a frota galega.

Non obstante, isto non implica unha redución proporcional nin no total de peixe desembarcado nin na facturación, pois a cantidade incluso se incrementa.

De feito, no 2016 o valor económico das vendas de peixe e marisco acadaba a mellor cifra dos últimos 20 anos, con preto de 500 millóns de euros e preto de 200.000 toneladas descargadas.

Cifras superadas no 2017, no que se comercializaron máis de 212.000 Tm. de produtos da pesca, que supuxeron un volume de facturación de 507 M €.

Desde 2009, as cotas globais para España nas augas do Cantábrico e Noroeste e Gran Sol e Francia medraron nun 80%, o que supuxo un aumento dunhas 116.869 Tm. sobre as 145.664 coas que contabamos en 2009.

En definitiva, dende 2009, a cota de Galicia aumentou nun 80%, o que é o mesmo, máis de 80.000 toneladas de pescado, e iso supuxo un aumento de facturación de 212,7 millóns de euros.

Isto tivo incidencia na evolución da frota durante 2016, que foi positiva tanto en potencia coma en arqueo, namentres que en 2017 amosou un lixeiro axuste, baixando en 6 unidades (-0,25%).

Esta evolución amosa diferencias segundo o segmento de frota, se ben cabe considerar aspectos positivos coma o da frota de cerco de caladoiro nacional Cantábrico e Noroeste, que medra tanto en número de buques (+1,35%) coma en arqueo (+3,02%) e potencia (+1,52%). Amais, mantéñense estables en número e cun lixeiro axuste de arqueo e potencia as frotas de palangre de superficie de caladoiro nacional, a de palangre de fondo de Gran Sol (que mesmo medra en arqueo e potencia) e a de cerco conxelador de augas internacionais (atuneiros conxeladores). Os menores axustes, cunha perda dunha unidade por segmento, danse na frota de arrastre de caladoiro Cantábrico e Noroeste, na de enmalle de litoral e na de arrastre de augas internacionais.

En todo caso, o fortalecemento da competitividade da frota e da formación marítimo-pesqueira son retos polos que traballa este Goberno da Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:11:50



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15485**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance que fai a Consellería do mar do uso, para a trazabilidade nos produtos pesqueiros, dun método telemático punteiro a nivel europeo, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e por medio dos terminais TICPESC existentes nos portos de titularidade autonómica”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 10.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 22762 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:11:33**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **18562**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa situación de colapso que se está a producir nos xulgados especiais que atenden as demandas relacionadas coas cláusulas chan”**, (publicada no BOPG número 195 do 18 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 4 de abril de 2018, no debate da iniciativa con número de rexistro 21998, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 16:36:18



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20473**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade pola Dirección Xeral de Xustiza de licenza de Patrimonio Cultural para as obras que se están a levar a cabo no edificio do Pazo de Xustiza de Ourense”**, (publicada no BOPG número 219 do 29 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten acometido nos últimos anos, e ao abeiro do Plan de infraestruturas xudiciais, grandes reformas nas instalacións da Administración de Xustiza. Entre as mesmas, dotouse á cidade de Ourense dun novo edificio xudicial, cun investimento de máis de 18 millóns de euros.

Grazas á construción do novo edificio, liberáronse espazos no Pazo de Xustiza da Audiencia Provincial. Así, e coa finalidade de aproveitar os espazos con eficiencia, planificáronse outras obras para adaptar e modernizar os espazos que ocupan as distintas seccións, así como habilitar outros para albergar a Unidade da Policía Autonómica.

Estas obras consisten, por unha banda, en obras menores suxeitas a comunicación, sen necesidade de proxecto técnico e que non afectan a elementos protexidos (artigo 52 da Ordenanza municipal reguladora de actos de natureza urbanística); e, por outra banda outras, obras que, efectivamente, por afectar a elementos protexidos do edificio si están suxeitas a licenza.

Por todo iso e seguindo os criterios indicados polo Servizo de Coordinación da Área Cultural de Delegación Territorial de Ourense, ao que se lle consultou previamente por ser o Pazo de Xustiza de Ourense un ben catalogado con protección estrutural,

encargouse a redacción dun proxecto para a instalación do ascensor e da rampla exterior no Pazo de Xustiza que foi entregado coa solicitude de licenza. Actualmente, estase á espera da mesma para proceder ás dúas actuacións.

Por último, a realización das obras no inmovible titularidade da Xunta de Galicia non requiren dunha decisión por parte do Tribunal Superior de Xustiza, sen prexuízo da obrigada comunicación ás autoridades do Poder xudicial, pois a modificación da afectación do espazo produciuse coa previa mudanza ao novo edificio xudicial da rúa Velázquez s/n.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:14:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22015**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do procedemento seguido pola Alcaldía de Pontecesures respecto da petición de retirada dun símbolo da ditadura franquista dun espazo público municipal e as medidas que ten previsto adoptar para garantir o cumprimento da Lei 52/2007”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 28 de febreiro de 2018, no debate da iniciativa con número de rexistro 22014, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:54:21



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **15564**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“os datos referidos ás salas destinadas nos xulgados de Galicia á atención e protección dos menores testemuñas ou vítimas de violencia de xénero, así como ás avaliacións de testemuña infantil realizadas polo IMELGA dende o ano 2015 e o tempo medio de demora existente entre a presentación da denuncia ou notificación e a recollida do testemuño infantil”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na resposta á iniciativa con número de rexistro 10097, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, reitérase que o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) dispón de equipos psicosociais nos que actúan de forma conxunta os profesionais da psicoloxía e do traballo social. Os datos dispoñibles sobre o seu traballo poden consultarse na memoria anual que publica o Imelga no portal web da Xunta de Galicia.

De acordo con esta memoria anual, os datos xerais no que atinxe á pericia psicolóxica son os seguintes:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016	
PSICOLOXÍA FORENSE	
VALORACIÓNS PSICOFÍSICAS	7
VALORACIÓNS PSIQUIÁTRICAS	16
VALORACIÓNS PSICOLÓXICAS	333
INTERCONSULTA PSICOLÓXICA	49
PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	220
AGRESIÓN SEXUAL	5
OUTROS	3
PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	2534
<b>NÚMERO TOTAL DE PERICIA PSICOLÓXICA SOLICITADA</b>	<b>3.167</b>
NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS	2.174
OUTRAS ACTUACIÓNS	942

Nas memorias tamén se poden consultar, máis polo miúdo, desagregado por subdireccións do Imelga, os datos por credibilidade de menores abusados, por dano psicolóxico, valoración da personalidade ou valoración intelectual. De feito, con relación á credibilidade da testemuña de menores vítimas de abuso, en 2016 os psicólogos/as do Imelga interviñeron en 192 testificais de menores.

Por outra banda, que se refire á pericia social, os datos xerais achegados, novamente, pola memoria anual do Imelga son:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016	
<b>TRABALLO SOCIAL FORENSE</b>	
VALORACIÓNS PSICOFÍSICAS	4
VALORACIÓNS PSIQUIÁTRICAS	10
VALORACIÓNS SOCIAIS	25
INTERCONSULTA SOCIAL	3
OUTROS	15
PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	2446
PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	167
<b>NÚMERO TOTAL DE PERICIAS DE TRABALLO SOCIAL SOLICITADAS</b>	<b>2.670</b>
<b>NÚMERO TOTAL DE INFORMES EMITIDOS</b>	<b>1.658</b>
OUTRAS ACTUACIÓNS	673

Finalmente, cómpre indicar que o procedemento para a declaración destes/as menores realízase en salas independentes e con equipos electrónicos que garanten a protección para o neno ou nena testemuña ou vítima.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/04/2018 9:20:33



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14167**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as cifras de emigrantes galegos en Reino Unido e as medidas que ten previsto executar a Xunta de Galicia para garantir a súa protección tras o ‘Brexit’”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está plenamente comprometida coa defensa dos dereitos dos galegos e galegas que residen no Reino Unido e permanece atenta ás implicacións e consecuencias que para estas persoas poida ter o abandono da Unión Europea por parte deste país.

O Goberno de España comparte esta mesma preocupación, tal e como trasladou xa ás comunidades autónomas. Neste sentido, o Goberno apuntou que considera a salvagarda dos dereitos da cidadanía deberá ser a primeira prioridade nas negociacións. Galicia participa en todas as reunións de coordinación que se manteñen ao respecto entre o Goberno e as comunidades autónomas no seo da Conferencia para Asuntos Relacionadas coa Unión Europea (CARUE). Estes encontros teñen como obxectivo coordinar a participación das comunidades autónomas en asuntos europeos, e, na actualidade, céntranse moi especialmente en analizar o impacto do Brexit, traballar para fixar prioridades comúns á hora de afrontar a saída do Reino Unido da Unión Europea, e manter ao día a información que reciben as comunidades autónomas sobre a evolución das negociacións. Neste senso, o Goberno galego está a liderar un grupo de traballo na Comisión do Arco Atlántico e tamén contribúe ao debate xerado no Comité Europeo das Rexións.

Ademais, o Goberno autonómico está en contacto permanente coa colectividade galega

residente no Reino Unido para telos puntualmente informados dos cambios que se poidan producir, complementando si cabe, a tarefa que neste sentido xa desenvolve a Embaixada de España no país, que ten reforzados os servizos por esta problemática. Polo de agora, o Reino Unido continúa sendo membro da UE e haberá que esperar ao avance das negociacións para coñecer en detalle como vai afectar aos cidadáns europeos residentes no Reino Unido

Por outra banda, hai que lembrar que Galicia foi a primeira rexión en encargar un informe específico para avaliar os efectos do Brexit no sector pesqueiro e que a nosa Comunidade foi a primeira rexión europea que asinou unha declaración de apoio ás comunidades pesqueiras ante o Brexit no mes de outubro.

Ademais, e en consonancia co acordo acadado no Pleno do Parlamento de Galicia o pasado 22 de febreiro de 2017, a Xunta elaborou, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia e do Consello Económico e Social, un informe sobre os posibles impactos do 'Brexit' na economía galega e nos seus sectores produtivos. Este informe foi rexistrado no Parlamento o pasado 22 de decembro de 2017.

En calquera caso, hai que ter en conta que estamos ante unha situación totalmente nova, que afecta ao conxunto da Unión Europea e á súa cidadanía. Así, a resolución de moitas cuestións fundamentais van depender da realización de convenios bilaterais entre o Reino Unido e España ou coa Unión Europea no seu conxunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:12:47

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14312**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do Goberno galego na loita contra a violencia machista e a necesidade de incrementar a dotación orzamentaria para cubrir as carencias no ámbito xudicial na loita contra a violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na sesión plenaria do 12 de setembro 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 14311, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, reitérase que a creación de xulgados e a dotación de persoal dos mesmos corresponde aos órganos de goberno do Poder Xudicial, así como autorizar as substitucións que procedan, sendo tamén a retribución do dito persoal competencia do Estado.

En calquera caso, no seo da Conferencia Sectorial de Xustiza celebrada o pasado 26 de xullo, desde a Xunta trasladouse ao Ministerio de Xustiza a preocupación pola situación do xulgado de violencia sobre a muller da Coruña.

Cómpre recordar, ademais, que se aprobaron os acordos parlamentarios 13811, 15102 e 16625 sobre esta mesma materia, cuestión que tamén se ten trasladado ao Goberno central.

En calquera caso, a Xunta reitera o seu compromiso inequívoco na loita contra a violencia machista, como así o amosa o desenvolvemento de políticas específicas na

materia que ao longo destes anos.

A Administración autonómica vén establecendo medidas de apoio -prolongacións de xornada do persoal de auxilio- de acordo ás necesidades que se acordan no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tamén cómpre indicar que o Goberno galego puxo en marcha o pasado ano o servizo de atención psicolóxica especializada ás vítimas do delito nas oficinas dependentes dos decanatos dos xulgados das sete grandes cidades galegas, no marco dun convenio asinado co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; logo do remate do período contemplado no devandito convenio, e dada a importancia desta atención, a Xunta de Galicia consolidou a dita intervención psicolóxica pasando a ser prestado o servizo por persoal propio, de xeito que dende o pasado 1 de marzo comezaron as súas funcións 7 novas persoas psicólogas nas oficinas para a prestación da atención psicolóxica ás vítimas.

No que atinxe ás dependencias xudiciais, con carácter xeral os xulgados contan con espazos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións. Na medida que a capacidade actual das infraestruturas o permiten, a Xunta de Galicia ten levado a cabo en diversas sedes xudiciais o acondicionamento de espazos (por exemplo, en todas as cidades galegas e nas vilas de Ordes, Bande, O Barco, Verín, Cambados, Marín) para impedir que a vítima se atope co seu agresor. As medidas pasan por habilitar un espazo propio e diferenciado e, naqueles casos nos que actualmente esta solución non é posible, existen outras medidas de carácter organizativo que poden e deben adoptar as autoridades xudiciais para reforzar esta previsión á hora de acordar unha determinada dilixencia xudicial. Ademais, hai protocolos e usos de actuación das Forzas e Corpos de Seguridade, así como do propio persoal funcionario xudicial, para preservar a intimidade das vítimas en espazos diferenciados do edificio xudicial e así evitar a confrontación visual entre agresor e vítima.

Por último, a través da EGAP ofértase formación en materia de xénero para o funcionariado dependente da comunidade autónoma de Galicia. Ademais, aínda que non corresponde á Xunta a formación do persoal xuíz, fiscal e letrado da Administración de Xustiza, e co gallo de favorecer de forma concreta a formación continua dos xuíces e



maxistrados destinados en Galicia, a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial. Neste marco, en 2018 está prevista a oferta de prazas para a formación en violencia de xénero, con atención aos seus aspectos procesuais de investigación e axuízamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 15:15:25



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14369**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta apoia á totalidade dos concellos galegos, a través de diversas convocatorias de subvencións e vías de financiamento. Ademais, a Administración autonómica mantén aberta unha liña de diálogo permanente e fluída coa representación dos concellos, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, para dar resposta ás súas necesidades e demandas.

As entidades locais teñen á súa disposición diversas vías de financiamento como o propio Fondo de Cooperación Local, o Fondo de Compensación Ambiental, ou a orde de Infraestruturas, entre outras.

No caso concreto do fondo adicional do Fondo de Cooperación Local, efectivamente prioriza aos concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou de incorporación voluntaria a outros concellos. Cómpre recordar que a prestación eficiente de servizos públicos é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Unha das fórmulas mais acidas para lograr esa desexada eficiencia é o aproveitamento de sinerxías, para o que resulta fundamental a cooperación

interadministrativa. As vantaxes destas iniciativas son coñecidas e están recollidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. É máis, o artigo 13.4 da Lei 7/1985 establece que é obrigatorio potenciar aos concellos fusionados.

En calquera caso, na Orde sinalada na pregunta, malia de priorizar aos concellos fusionados, estableceuse que, no caso de non producirse ningún novo proceso de fusión antes do 30 de setembro de 2017, o 40% do fondo adicional destinaríase a municipios de menos de 15.000 habitantes. Así, e dado que finalmente non se completou ningunha nova fusión municipal, o 40% do fondo adicional inicial de 2.236.227 euros -isto é, 894.490,8 euros- repartiuse entre os 279 municipios de menos de 15.000 habitantes.

Ademais, dispúxose tamén que, se neste exercicio orzamentario se incrementaba a dotación do fondo adicional, o importe do incremento iría destinado integramente aos concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes. Ese incremento produciuse, a través da Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. Este aumento foi de 2.418.000 euros máis, que se repartiron directamente entre os 279 municipios de menos de 15.000 habitantes.

Finalmente, o orzamento do Fondo Adicional ascendeu a 4.654.227, dos que 1.341.736,2 euros foron para os municipios fusionados de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade; mentres que os 3.312.490,8 euros restantes destináronse aos 279 concellos de menos de 15.000 habitantes. Así, como se pode comprobar, a Xunta empregou o Fondo Adicional para apoiar aos concellos fusionados, pero tamén aos concellos máis pequenos.

A Administración autonómica continuará apoiando, como ata o de agora, ao total



dos concellos galegos no seu conxunto, ao tempo que seguirá fomentando fórmulas asociativas, que se veñen demostrando como fórmulas axeitadas de xestión de determinadas competencias que exceden da capacidade individual dos municipios e que teñen importantes beneficios a curto, medio e longo prazo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:11:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **18561**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego e as medidas que vai adoptar en relación coa situación de colapso que se está a producir nos xulgados especiais que atenden as demandas relacionadas coas cláusulas chan, nomeadamente nos de Vigo e da Coruña, así como a súa opinión referida ás solicitudes formuladas polo xuíz decano de Vigo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 4 de abril de 2018, no debate da iniciativa con número de rexistro 21998, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 16:36:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 19340, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación actual das obras de rehabilitación do edificio do antigo Hospital Xeral para a nova sede da Cidade da Xustiza de Vigo, o investimento previsto para ese fin e a data estimada para a súa entrada en funcionamento, así como os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Infraestruturas Xudiciais, cun investimento total previsto de preto de 100 millóns de euros e aprobado pola Xunta de Galicia na pasada lexislatura, comprende actuacións de rehabilitación, ampliación ou nova construción e obras de mantemento e mellora nos actuais edificios de xulgados. Trátase, ademais, dun plan adaptable ás novas necesidades que poidan ir xurdindo.

No período 2010-2017 executáronse obras que supoñen investimentos por máis de 50 millóns de euros, destacando os novos edificios xudiciais como os de Santiago, Ourense e o Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución (SCACE) de Vigo, así como rehabilitacións integrais de edificios de carácter histórico, como a da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña e a construción da nova sede para o Rexistro Civil da Coruña. Tamén se acometeron outras obras importantes de acondicionamento ou mellora das instalacións, como poden ser as obras de climatización en Vigo, Vilagarcía de Arousa e Cambados ou importantes investimentos de mellora nos edificios dos xulgados de Coruña e Ferrol. En definitiva, neste período acometéronse investimentos nas infraestruturas da práctica totalidade dos partidos xudiciais de Galicia.

Continuando con este esforzo inversor, a Xunta de Galicia no 2017 procedeu ao inicio ou continuación das obras de dous importantes investimentos, como son o novo edificio xudicial de Pontevedra e a rehabilitación integral do antigo Hospital Xeral de Vigo, como nova sede da Cidade da Xustiza.

Neste último caso, desde xullo de 2017 está en execución a primeira fase do proxecto, que consiste na demolición dos elementos non aproveitables do vello hospital. Ademais, adxudicouse a segunda fase da obra.

O resultado será unha Cidade da Xustiza que concentrará nun mesmo edificio todas as dotacións xudiciais da cidade (un total de 35), pero que reservará espazo para albergar 22 unidades máis no momento en que sexa necesario debido ao crecemento do partido xudicial de Vigo. En total trasladaranse case 500 traballadores e traballadoras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 10:38:04



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20474**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade pola Dirección Xeral de Xustiza de licenza de Patrimonio Cultural para as obras que se están a levar a cabo no edificio do Pazo de Xustiza de Ourense, así como do pertinente acordo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para unha cesión de uso respecto dese edificio”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten acometido nos últimos anos, e ao abeiro do Plan de infraestruturas xudiciais, grandes reformas nas instalacións da Administración de Xustiza. Entre as mesmas, dotouse á cidade de Ourense dun novo edificio xudicial, cun investimento de máis de 18 millóns de euros.

Grazas á construción do novo edificio, liberáronse espazos no Pazo de Xustiza da Audiencia Provincial. Así, e coa finalidade de aproveitar os espazos con eficiencia, planificáronse outras obras para adaptar e modernizar os espazos que ocupan as distintas seccións, así como habilitar outros para albergar a Unidade da Policía Autonómica.

Estas obras consisten, por unha banda, en obras menores suxeitas a comunicación, sen necesidade de proxecto técnico e que non afectan a elementos protexidos (artigo 52 da Ordenanza municipal reguladora de actos de natureza urbanística); e, por outra banda outras, obras que, efectivamente, por afectar a elementos protexidos do edificio si están suxeitas a licenza.

Por todo iso e seguindo os criterios indicados polo Servizo de Coordinación da Área Cultural de Delegación Territorial de Ourense, ao que se lle consultou previamente por

ser o Pazo de Xustiza de Ourense un ben catalogado con protección estrutural, encargouse a redacción dun proxecto para a instalación do ascensor e da rampla exterior no Pazo de Xustiza que foi entregado coa solicitude de licenza. Actualmente, estase á espera da mesma para proceder ás dúas actuacións.

Por último, a realización das obras no inmovible titularidade da Xunta de Galicia non requiren dunha decisión por parte do Tribunal Superior de Xustiza, sen prexuízo da obrigada comunicación ás autoridades do Poder xudicial, pois a modificación da afectación do espazo produciuse coa previa mudanza ao novo edificio xudicial da rúa Velázquez s/n.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:11:34



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12803**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o proceso de simplificación da lexislación comunitaria para artes de pesca**”, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Todos sabemos que a Pesca é un sector moi regulado, cunha normativa ampla tanto a nivel internacional coma comunitario e nacional. En moitas ocasións, este exceso de regulamentación supón un atranco á actividade profesional dos pescadores, polo que debemos, entre todos minorar e corrixir esta situación.

Por ese motivo, dende este Departamento se están a levar a cabo determinadas xestións para rematar con esta complexidade administrativa, como as levadas a cabo coa reforma do Regulamento de Medidas Técnicas, ou coa simplificación dos requirimentos do botiquín en embarcacións de escaso porte, sen ponte no seu interior, e que faenan moi preto da costa.

Os resultados empezan a dar os seus froitos, xa que por exemplo, no que respecta ao Regulamento de Medidas Técnicas, os ministros de pesca dos países da UE aprobaban en pasadas datas un novo documento de proposta co obxectivo de defender unhas medidas técnicas máis simples para o sector pesqueiro, ou o que é o mesmo, reducir as normas sobre a conservación dos recursos e a protección dos ecosistemas mariños. O certo é que se sentan unhas bases comúns tras a división que sobre este tema se producía nun primeiro momento no conxunto dos Estados Membros. Pois, nese afán de simplificación uniformizábanse cousas que son diferentes e consideramos que debería ir máis en consonancia coa actividade que practica cada frota en cada caladoiro.

Por outra banda, con respecto á normativa que afectaba aos botiquíns a bordo das embarcacións, a Xunta trasladou á Unión Europea unhas propostas feitas por parte de Galicia, concretamente dentro dun grupo de traballo creado para tal fin no seo do Consello Galego de Pesca e co senso de reunir toda a información necesaria para complementar a nosa proposta, que é a de reducir á frota de baixura as obrigas relacionadas co botiquín de tipo 'C' que deben levar a bordo dos buques. Pois ben, pediuse unha nova reclasificación que simplificaría os contidos do botiquín e sería máis axeitada para os buques de artes menores, que navegan moi preto da costa.

Foi no marco dunha reunión celebrada en decembro do ano pasado en Bruxelas entre a conselleira do Mar e o director xeral da unidade B de emprego da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Unión Europea, na cal se lle deu traslado de todas as peticións do informe emitido polo Consello Galego de Pesca.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:13:14



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12809**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o balance, evolución e previsión pola Xunta de Galicia da campaña de libre marisqueo**”, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballa e traballará sempre na defensa da produción dos bancos de libre marisqueo como os Lombos do Ulla. Sempre con dúas condicións: que as actuacións que se fagan sexan útiles e que sexan ratificadas tecnicamente.

Dende que entrou este Goberno realizamos diferentes accións para a mellora da produción dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa. Entre elas:

- Remoción do sedimento nunha parte do Bohído non produtiva.
- Limpeza de restos de algas depositadas nos fondos dunha parte de Cabío.
- Control de depredadores.
- Traslado do molusco denominado reló de talla superior a 35 mm. por fóra de onde abunda.

Ademais realizamos estudos e análises da presenza do parasito marteiliose que afecta ao berberecho. O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño fai un seguimento exhaustivo e o Centro de Investigacións Mariñas está desenvolver unha acción de investigación que busca unha caste resistente ao parasito.

Neste traballo apostamos por implicar ao sector. De feito, trasladámoslle a posibilidade de realizar un plan específico nas zonas de libre marisqueo de Arousa, tal e como se fixo noutras rías como a de Muros e Noia, Ferrol, Pontevedra, Vigo ou na banda sur da de Arousa.



O 1 de febreiro a conselleira do Mar reuniuse cos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa e na xuntanza acordaron que as asistencias técnicas das confrarías se ían reunir para facer unha proposta dos mellores sistemas de xestión das zonas e cando teñan esa proposta trasladarana á Consellería.

A Xunta continuará a traballar en todas cantas accións contribúan a unha mellora da situación dos barcos marisqueiros e continuará aberta a escoitar as propostas e demandas do sector para analizar a súa viabilidade.

Sobre a produtividade dos bancos de libre marisqueo sinalar que:

- Nos Lombos do Ulla, na última campaña 2016-2017, e con respecto á campaña anterior, multiplicáronse os desembarques por 10 (de 15.000 kg a case 150.000 kg) e medraron as vendas nun 282%.
- En xeral, o libre marisqueo na ría de Arousa (Lombos do Ulla, Bohído e Cabío), na última campaña 2016-2017 medraron os desembarques nun 85% (de 281 Tn a 520 Tn) e as vendas nun 65%.
- En relación á campaña actual, os datos provisionais deste ano reflicten que a cantidade de moluscos capturados é algo máis superior á media das cinco últimas campañas (arredor dun 2% superior).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:13:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12811**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os prazos previstos pola Consellería do Mar en relación ás melloras na sinalización de bateas e acceso aos portos**”, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Hai que comezar sinalando que estamos totalmente de acordo con esta petición, porque ademais, a propia Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, está a traballar de xeito coordinado con Portos do Estado para aprobar definitivamente a proposta que foi elaborada xa dende finais do ano 2015 polo ente público e que contemplaba a sinalización de accesos aos portos autonómicos incluíndo tamén a sinalización dos polígonos de bateas.

Dita proposta foi presentada no mes de febreiro de 2016 por Portos de Galicia ante Puertos del Estado, que lembremos que é o organismo encargado da súa tramitación e aprobación. Dende dita presentación, Puertos del Estado está a cumprir cos pasos regrados de tramitación, que inclúen consultas a diferentes organismos e entidades, como Capitanías Marítimas, confrarías de pescadores e asociacións sectoriais. Ten unha aprobación dos expedientes pola Comisión de Faros.

Neste camino é certo que a Comisión de Faros de xuño de 2017 decidiu facer unha modificación da proposta que presentara Portos, polo que se procedeu a modificala e á súa remisión de novo a Portos do Estado. Esa proposta terá que ser aprobada e ratificada por Portos do Estado.

Paralelamente e porque sabemos que o tempo apremia cando se trata de mellorar a seguridade no mar, sabemos que Portos de Galicia está preparando, para non perder tempo, a licitación do proxecto para tela lista en canto se ratifique por parte de Puertos del Estado esta proposta e saír canto antes co proxecto construtivo da primeira fase do proxecto.

Unha vez aprobada dita proposta, Portos de Galicia e as Autoridades Portuarias galegas, executarán o plan de sinalización previsto, que inclúe a dotación de 98 novos sinais marítimos.

Por outra banda, lembrar que a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia vén de revisar e reparar nos últimos anos un total de 96 sinais de balizamento marítimo das case 400 instalada en terra na contorna dos peiraos de titularidade autonómica. Con esta actuación o ente público reforza as condicións de seguridade para a navegación das embarcacións que acceden aos portos galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:13:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12813**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a estratexia Blue Growth que leva a cabo o Porto de Vigo**”, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Blue Growth é unha estratexia a longo prazo establecida pola Directorate General for Maritime Affairs and Fisheries da Unión Europea (DG MARE) para apoiar o crecemento sustentable dos sectores mariño e marítimo, e recoñecer a importancia dos mares e dos océanos como motores da economía europea, polo seu gran potencial para a innovación e o crecemento.

A estratexia consta de tres compoñentes:

Medidas específicas da Política Marítima Integrada.

Estratexias para o crecemento sustentable tendo en conta os factores de carácter local.

Actuacións específicas nos ámbitos da acuicultura, o turismo costeiro, a biotecnoloxía mariña, a enerxía oceánica e a explotación mineira dos fondos mariños.

A principios do 2016, a Consellería do Mar decidiu encomendar a implantación da Estratexia Blue Growth ao Porto de Vigo que, debido ás súas características especiais, semellaba o escenario perfecto para a realización de este exercicio.

Pensose nas infraestruturas portuarias viguesas e na súa contorna como as mellores candidatas, debido a que son escenarios clave da vida marítima nos que conflúen axentes diversos que marcan a evolución económica e social no eido marítimo, o que axuda a abordar unha análise conxunta dende unha concepción do todo.

O Plan Blue Growth Porto de Vigo 2016 – 2020 implántase co obxectivo de apoiar o crecemento de emprego e de riqueza vinculada ao mar, de forma sostible e respectuosa co medio ambiente e que, á súa vez, mellore as condicións de traballo e de futuro das persoas que viven do mar.

O Plan Blue Grow pretende lograr a execución dos proxectos e accións que o compoñen, así como dinamizar e dar seguimento á súa implantación, tendo presente a medición do seu impacto socioeconómico e ambiental.

Os catro obxectivos estratéxicos do Plan Blue Grow son ter un porto: conectado, innovador, verde e inclusivo.

O obxectivo económico da iniciativa é a captación de 207 M €. Ata o momento, solicitáronse 45,6 M € a fondos europeos e financiamento público – privado (22% do orzamento total).

Das 44 propostas iniciais, están en marcha preto do 90% do total do Plan Blue Grow, destacando aquelas relacionadas ca análise dos tempos do PIF, a Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios, a eliminación dos vertidos nas dársenas, o aumento da captación de novos tráfico na terminal ro-ro, e a mellora das condicións laborais dos traballadores do mar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:13:09





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **12815**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a solicitude perante a Unión europea do traslado a Galicia do Laboratorio Comunitario da Referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos e o beneficio que dito traslado pode aportar a Galicia e ao sector marisqueiro”**, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado no Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do 19 de decembro de 2017, pola conselleira titular deste departamento, a través da resposta ás iniciativas 21414, 21419 e 21420.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:12:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12817**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia ante o Goberno central para solicitar da UE o fortalecemento dos acordos pesqueiros con terceiros países e a valoración do noso país dentro das Organizacións Rexionais de Pesca (ORPs)”**, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar continua traballando xunto ao Goberno do Estado para promover a adopción dos pasos pertinentes por parte da Unión Europea no fortalecemento do papel das Organizacións Rexionais de Pesca e na consecución de maiores posibilidades de pesca ao abeiro de acordos internacionais con terceiros países.

Somos conscientes da importancia que a nosa frota de altura debe ter para seguir afondando na busca de novas posibilidades de pesca, alén de tentar que a actividade desenvolvida pola nosa frota teña reflexo en termos de igualdade de condicións de respecto ambiental, social e económico para as doutros países que faenan nas mesmas áreas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:12:39



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13284**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas do Goberno para solventar os problemas de seguridade que a aplicación da normativa actual está a ocasionar aos traballadores e traballadoras das cofrarias da Costa da Morte”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que, no marco do proxecto Raia, cofinanciado polo Programa de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) da Unión Europea, diversas institucións desenvolveron unha Infraestrutura de Observación Oceanográfica, que foi implementada no marco do Observatorio Oceánico da Marxe Ibérica (Observatorio RAIA).

No Observatorio RAIA ([www.marnaraia.com](http://www.marnaraia.com)) desenvolvéronse modelos oceano-meteorolóxicos de alta resolución e xeráronse produtos e servizos adaptados ás necesidades dos diferentes sectores. Un dos produtos do observatorio RAIA é ‘Percegurú’ que ten por obxecto achegar información meteorolóxica e marítima ao sector do percebe.

Nin a normativa galega nin as condicións de aprobación dos plans de xestión recollen a obriga de usar ‘Percegurú’ como referencia para permitir o acceso a pé do colectivo a flote cando as condicións do mar non sexan favorables.

En ‘Percegurú’ pódense consultar as condicións oceanográficas e atmosféricas existentes de cada zona concreta do litoral onde se explota o percebe. A ferramenta informa sobre o horario local das mareas, cal vai ser a temperatura ambiente e da auga coa que se vai atopar o percebeiro ou percebeira, con que intensidade e en que dirección van soprar os ventos, cal é a forza e o estado do mar e datos sobre a dirección, frecuencia e altura das ondas.

Nin a normativa galega nin as condicións de aprobación dos plans de xestión establecen 'Percegurú' como referencia para permitir o acceso a pé do colectivo a flote cando as condicións do mar non sexan favorables. A indicación ou predición que proporciona 'Percegurú' é meramente informativa e en ningún momento supón unha obriga para os percebeiros e as percebeiras de permanecer en terra ou de saír a traballar.

Por outra banda, a dirección técnica de todo buque ou embarcación recae sobre o capitán ou patrón da mesma, sendo polo tanto, o criterio técnico de este o que ha de imperar á hora de avaliar as circunstancias reinantes e levar a cabo unha navegación segura, segundo os artigos 171, 182 e 184 da Lei de Navegación Marítima.

Todo isto sen prexuízo de que o establecemento de limitacións á navegación, cando estas non obedecen a razóns de seguridade marítima nin de prevención da contaminación, senón a criterios de explotación de recursos pesqueiros, corresponde á Consellería do Mar, tal e como recolle a resposta do Ministerio de Fomento de 03/03/2017 .

Por último, informar que a Consellería do Mar mantivo diferentes reunións co sector para tratar este aspecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:12:15**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14785**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co descenso que presenta o número de embarcacións destinadas á pesca e marisqueo rexistradas en Galicia nos últimos oito anos, o desenvolvemento das políticas necesarias para garantir o futuro do sector e as medidas que está a levar a cabo para revertir esta tendencia”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O descenso das frotas pesqueiras e de número de embarcacións é unha tendencia a nivel mundial e débese sobre todo ao establecemento de plans de xestión destinados a salvagardar a sustentabilidade da pesca na maioría dos caladoiros internacionais nos que faena a frota galega.

Non obstante, isto non implica unha redución proporcional nin no total de peixe desembarcado nin na facturación, pois a cantidade incluso se incrementa.

De feito, no 2016 o valor económico das vendas de peixe e marisco acadaba a mellor cifra dos últimos 20 anos, con preto de 500 millóns de euros e preto de 200.000 toneladas descargadas.

Cifras superadas no 2017, no que se comercializaron máis de 212.000 Tm. de produtos da pesca, que supuxeron un volume de facturación de 507 M €.

Desde 2009, as cotas globais para España nas augas do Cantábrico e Noroeste e Gran Sol e Francia medraron nun 80%, o que supuxo un aumento dunhas 116.869 Tm. sobre as 145.664 coas que contabamos en 2009.



En definitiva, dende 2009, a cota de Galicia aumentou nun 80%, o que é o mesmo, máis de 80.000 toneladas de pescado, e iso supuxo un aumento de facturación de 212,7 millóns de euros.

Isto tivo incidencia na evolución da frota durante 2016, que foi positiva tanto en potencia coma en arqueo, namentres que en 2017 amosou un lixeiro axuste, baixando en 6 unidades (-0,25%).

Esta evolución amosa diferencias segundo o segmento de frota, se ben cabe considerar aspectos positivos coma o da frota de cerco de caladoiro nacional Cantábrico e Noroeste, que medra tanto en número de buques (+1,35%) coma en arqueo (+3,02%) e potencia (+1,52%). Amais, mantéñense estables en número e cun lixeiro axuste de arqueo e potencia as frotas de palangre de superficie de caladoiro nacional, a de palangre de fondo de Gran Sol (que mesmo medra en arqueo e potencia) e a de cerco conxelador de augas internacionais (atuneiros conxeladores). Os menores axustes, cunha perda dunha unidade por segmento, danse na frota de arrastre de caladoiro Cantábrico e Noroeste, na de enmalle de litoral e na de arrastre de augas internacionais.

En todo caso, o fortalecemento da competitividade da frota e da formación marítimo-pesqueira son retos polos que traballa este Goberno da Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:11:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **15484**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o balance que fai a Consellería do mar do uso, para a trazabilidade nos produtos pesqueiros, dun método telemático punteiro a nivel europeo, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e por medio dos terminais TICPESC existentes nos portos de titularidade autonómica, así como os datos que manexa esa plataforma e a súa utilidade**”, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 10.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 22762 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:11:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22189**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do grao de cumprimento do Plan anual normativo de 2017, do seu grao de transparencia en materia de planificación normativa e as previsións para a aprobación do Plan anual normativo de 2018”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 28 de febreiro de 2018, no debate da iniciativa con número de rexistro 22188, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:12:24



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22779**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos do Goberno galego referidos á existencia de carencias no uso da lingua galega no ámbito de actuación do Ministerio Fiscal en Galicia, o cumprimento das recomendacións reflectidas no Cuarto Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias e as súas previsións respecto do impulso dos cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal en Galicia”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 14 de febreiro de 2018, no debate da iniciativa con número de rexistro 22778, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:54:11





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 13:11  
Nº Rexistro: 29683

Data envío: 19/04/2018 13:11:20.567

Data 19/04/2018 13:11

g o l i c i a

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24196**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a información do Goberno galego respecto das condicións de seguridade e saúde laboral dos traballadores que trasladaron o lindano do Porriño á canteira de Xinzo, en Pontearreas, así como a dispoñibilidade pola empresa contratada da autorización necesaria para ese fin”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª, do 18.04.2017-, ao darlle resposta á pregunta 24197 sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:11:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22490**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe oficial a Arxentina e Uruguai iniciada polo secretario xeral de Cultura o día 6 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Por mor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de conformidade co Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, o director xeral de relacións Exteriores e coa UE comparece cada seis meses en sede parlamentaria para dar conta das viaxes de todos os altos cargos da Xunta de Galicia durante o período precedente. Ademais, a súa comparecencia publícase, tamén cada seis meses, no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Por outra banda, debemos lembrar os condicionantes da Lei estatal 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado, que obriga ás Administracións Públicas e aos seus entes, entidades e organismos a informar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das viaxes internacionais.

Nunca se tiña acadado un nivel tan elevado de transparencia e de publicidade referido as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia como o actual.

O secretario xeral de Política Lingüística viaxou ás Illas Azores entre os días 19 e 22 de xullo de 2016, co fin de participar nos actos de celebración do 40<sup>a</sup> aniversario da autonomía do arquipélago. Ao convite realizado pola Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Açores acudiron tamén representantes doutras institucións galegas, como o presidente do Parlamento de Galicia, o presidente da Real Academia Galega (RAG), e o presidente do Consello da Cultura Galega (CCG. As Illas Azores constitúen unha das dúas rexións autónomas que ten Portugal (a outra está formada polas Illas Madeira), razón pola que o seu parlamento rexional sostén un vínculo de cooperación e especial relación co Parlamento de Galicia.

No que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto, con cargo ás dotacións asignadas para estes fins nos Orzamentos Xerais e axustado aos obxectivos acadados, sendo aplicada en todo caso a normativa vixente como o Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre Indemnizaciones por Razón del Servicio, así como as disposicións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega desde a súa aprobación no ano 2014.

A visita tivo un marcado carácter cultural. Acompañado polos compoñentes da delegación galega, así como pola presidenta da Cámara azoriana, Ana Luísa Luís, o responsable da política lingüística da Xunta inaugurou na sede da Asemblea Lexislativa da Rexión Autónoma dos Azores a exposición '54 páxinas das nosas letras'. Esta mostra conmemorativa, promovida co fin de poñer en valor a obra dos escritores homenaxeados cada 17 de maio desde 1963, facía parada por vez primeira nun enclave lusófono, en cumprimento das directrices da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e dos vínculos coa lusofonía.

Previamente á inauguración de '54 páxinas das nosas letras', a Sala de Comisións da Cámara azoriana acolleu o acto de presentación de dúas publicacións centradas na relación intelectual, no século XIX, entre as letras galegas e dúas grandes personalidades de Portugal, nadas en Ponta Delgada, nos Azores: Antero de Quental e Teófilo Braga. A primeira delas, un facsímile da edición políglota de 'Zara', un poema de Antero de Quental en 48 idiomas, entre eles o galego cunha tradución feita por Curros Enríquez; a segunda, titulada 'Antero de Quental e Teófilo Braga e a súa relación coas letras galegas' asínana conxuntamente o presidente da RAG e a profesora Beatriz García Turnes.

A axenda de actos da visita institucional, que tamén incluíu unha recepción na Universidade das Azores, contou ademais coa presentación da obra 'Emigración e exilio nos Estados Unidos de América: experiencia de Galicia e Azores', editada polo CCG.

Fai falta destacar que a iniciativa de cooperación cultural entre o Parlamento de Galicia e a Asemblea Lexislativa dos Azores, na que se enmarcaron estes actos nos que ten participación a Xunta de Galicia, foi recoñecida coa primeira edición do premio convocado pola CALRE (Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas) para impulsar o desenvolvemento de proxectos conxuntos entre as 74 cámaras rexionais que integran esta organización. Trátase dun premio que recoñece a orixinalidade dun proxecto pioneiro no ámbito europeo.



O convite da Asemblea Lexislativa dos Azores ao Parlamento galego produciuse dous anos despois da aprobación pola Cámara galega da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía (Lei Paz-Andrade), cuxo artigo 3 sinala que ‘deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa’ e que deberá fomentarse ‘a participación das institucións en foros lusófonos de todo tipo’.

En virtude dela, entre outras medidas postas en marcha desde a Xunta, máis de 3.500 persoas estudan lingua portuguesa en Galicia; preto de 500 alumnos e alumnas participan no programa de lingua e cultura portuguesas desenvolvido en colaboración co Instituto Camões en 10 centros educativos galegos; outros catro centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria imparten oito seccións bilingües en portugués nas que participan 200 alumnos/as e 1127 persoas cursan portugués nas escolas oficiais de idiomas.

Alén disto, Galicia era nesta altura -por vez primeira- candidata firme a integrarse na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP), organización do máximo nivel no ámbito da lusofonía, obxectivo que foi logrado un meses máis tarde.

Finalmente, esta actividade viuse correspondida coa chegada da Delegación do Parlamento das Azores a Galicia, na que presentamos a versión bilingüe de ‘Viaxe á Illa do Corvo’. de Raúl Brandao, intensificando así as nosas relacións co Arquipélago das Azores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/04/2018 10:28:03



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22496**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe oficial ás Illas Azores iniciada polo secretario xeral de Política Lingüística o día 19 de xullo de 2016 con motivo do cadraséximo aniversario das institucións de autogoberno dese arquipélago luso, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Por mor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de conformidade co Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, o director xeral de relacións Exteriores e coa UE comparece cada seis meses en sede parlamentaria para dar conta das viaxes de todos os altos cargos da Xunta de Galicia durante o período precedente. Ademais, a súa comparecencia publícase, tamén cada seis meses, no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Por outra banda, debemos lembrar os condicionantes da Lei estatal 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado, que obriga ás Administracións Públicas e aos seus entes, entidades e organismos a informar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das viaxes internacionais.

Nunca se tiña acadado un nivel tan elevado de transparencia e de publicidade referido as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia como o actual.

O secretario xeral de Política Lingüística viaxou ás Illas Azores entre os días 19 e 22 de xullo de 2016, co fin de participar nos actos de celebración do 40<sup>a</sup> aniversario da autonomía do arquipélago. Ao convite realizado pola Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Açores acudiron tamén representantes doutras institucións galegas, como o presidente do Parlamento de Galicia, o presidente da Real Academia Galega (RAG), e o presidente do Consello da Cultura Galega (CCG). As Illas Azores constitúen unha das dúas rexións autónomas que ten Portugal (a outra está formada polas Illas Madeira), razón pola que o seu parlamento rexional sostén un vínculo de cooperación e especial relación co Parlamento de Galicia.

No que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto, con cargo ás dotacións asignadas para estes fins nos Orzamentos Xerais e axustado aos obxectivos acadados, sendo aplicada en todo caso a normativa vixente como o Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre Indemnizaciones por Razón del Servicio, así como as disposicións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega desde a súa aprobación no ano 2014.

A visita tivo un marcado carácter cultural. Acompañado polos compoñentes da delegación galega, así como pola presidenta da Cámara azoriana, Ana Luísa Luís, o responsable da política lingüística da Xunta inaugurou na sede da Asemblea Lexislativa da Rexión Autónoma dos Azores a exposición '54 páxinas das nosas letras'. Esta mostra conmemorativa, promovida co fin de poñer en valor a obra dos escritores homenaxeados cada 17 de maio desde 1963, facía parada por vez primeira nun enclave lusófono, en cumprimento das directrices da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e dos vínculos coa lusofonía.

Previamente á inauguración de '54 páxinas das nosas letras', a Sala de Comisións da Cámara azoriana acolleu o acto de presentación de dúas publicacións centradas na relación intelectual, no século XIX, entre as letras galegas e dúas grandes personalidades de Portugal, nadas en Ponta Delgada, nos Azores: Antero de Quental e Teófilo Braga. A primeira delas, un facsímile da edición políglota de 'Zara', un poema de Antero de Quental en 48 idiomas, entre eles o galego cunha tradución feita por Curros Enríquez; a segunda, titulada 'Antero de Quental e Teófilo Braga e a súa relación coas letras galegas' asínana conxuntamente o presidente da RAG e a profesora Beatriz García Turnes.

A axenda de actos da visita institucional, que tamén incluíu unha recepción na Universidade das Azores, contou ademais coa presentación da obra 'Emigración e exilio nos Estados Unidos de América: experiencia de Galicia e Azores', editada polo CCG.

Fai falta destacar que a iniciativa de cooperación cultural entre o Parlamento de Galicia e a Asemblea Lexislativa dos Azores, na que se enmarcaron estes actos nos que ten participación a Xunta de Galicia, foi recoñecida coa primeira edición do premio convocado pola CALRE (Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas) para impulsar o desenvolvemento de proxectos conxuntos entre as 74 cámaras rexionais que integran esta organización. Trátase dun premio que recoñece a orixinalidade dun proxecto pioneiro no ámbito europeo.





O convite da Asemblea Lexislativa dos Azores ao Parlamento galego produciuse dous anos despois da aprobación pola Cámara galega da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía (Lei Paz-Andrade), cuxo artigo 3 sinala que ‘deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa’ e que deberá fomentarse ‘a participación das institucións en foros lusófonos de todo tipo’.

En virtude dela, entre outras medidas postas en marcha desde a Xunta, máis de 3.500 persoas estudan lingua portuguesa en Galicia; preto de 500 alumnos e alumnas participan no programa de lingua e cultura portuguesas desenvolvido en colaboración co Instituto Camões en 10 centros educativos galegos; outros catro centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria imparten oito seccións bilingües en portugués nas que participan 200 alumnos/as e 1127 persoas cursan portugués nas escolas oficiais de idiomas.

Alén disto, Galicia era nesta altura -por vez primeira- candidata firme a integrarse na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP), organización do máximo nivel no ámbito da lusofonía, obxectivo que foi logrado un meses máis tarde.

Finalmente, esta actividade viuse correspondida coa chegada da Delegación do Parlamento das Azores a Galicia, na que presentamos a versión bilingüe de ‘Viaxe á Illa do Corvo’. de Raúl Brandao, intensificando así as nosas relacións co Arquipélago das Azores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/04/2018 10:27:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24497**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe oficial a Melgaço realizado polo secretario xeral de Cultura o día 7 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Por mor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de conformidade co Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, o director xeral de relacións Exteriores e coa UE comparece cada seis meses en sede parlamentaria para dar conta das viaxes de todos os altos cargos da Xunta de Galicia durante o período precedente. Ademais, a súa comparecencia publícase, tamén cada seis meses, no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Por outra banda, debemos lembrar os condicionantes da Lei estatal 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado, que obriga ás Administracións Públicas e aos seus entes, entidades e organismos a informar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das viaxes internacionais.

Nunca se tiña acadado un nivel tan elevado de transparencia e de publicidade referido as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia como o actual.

O secretario xeral de Cultura realizou viaxe oficial o 23 de novembro de 2016 a Paredes de Coura, en Portugal. Viaxou só.

No que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto, con cargo as dotacións asignadas para estes fins nos Orzamentos Xerais

e axustado aos obxectivos acadados, sendo aplicada en todo caso a normativa vixente como o Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre Indemnizaciones por Razón del Servicio, así como as disposicións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega desde a súa aprobación no ano 2014.

No caso da viaxe á que se refire a pregunta, o secretario xeral de Cultura viaxou á localidade portuguesa de Paredes de Coura para participar na entrega do segundo premio literario Nortear e a convocatoria da terceira edición do mesmo. Nese acto presentáronse tamén os libros galardoados na primeira edición do certame.

O premio é froito do memorando de entendemento asinado en 2015 polas tres entidades convocantes, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Dirección Rexional de Cultura do Norte e mais a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT).

O secretario xeral de Cultura chegou para participar no acto e viaxou de volta a Galicia canto rematou o mesmo.

A viaxe permitiu reforzar o enriquecedor e imprescindible diálogo cultural entre Galicia e a Rexión do Norte de Portugal, coa que se manteñen distintas iniciativas de colaboración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e  
Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:11:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24498**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe oficial a Paredes de Coura realizada polo secretario xeral de Cultura o día 23 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Por mor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de conformidade co Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, o director xeral de relacións Exteriores e coa UE comparece cada seis meses en sede parlamentaria para dar conta das viaxes de todos os altos cargos da Xunta de Galicia durante o período precedente. Ademais, a súa comparecencia publícase, tamén cada seis meses, no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Por outra banda, debemos lembrar os condicionantes da Lei estatal 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado, que obriga ás Administracións Públicas e aos seus entes, entidades e organismos a informar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das viaxes internacionais.

Nunca se tiña acadado un nivel tan elevado de transparencia e de publicidade referido as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia como o actual.

O secretario xeral de Cultura realizou viaxe oficial o 23 de novembro de 2016 a Paredes de Coura, en Portugal. Viaxou só.

No que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto, con cargo as dotacións asignadas para estes fins nos Orzamentos Xerais

e axustado aos obxectivos acadados, sendo aplicada en todo caso a normativa vixente como o Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre Indemnizaciones por Razón del Servicio, así como as disposicións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega desde a súa aprobación no ano 2014.

No caso da viaxe á que se refire a pregunta, o secretario xeral de Cultura viaxou á localidade portuguesa de Paredes de Coura para participar na entrega do segundo premio literario Nortear e a convocatoria da terceira edición do mesmo. Nese acto presentáronse tamén os libros galardoados na primeira edición do certame.

O premio é froito do memorando de entendemento asinado en 2015 polas tres entidades convocantes, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Dirección Rexional de Cultura do Norte e mais a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT).

O secretario xeral de Cultura chegou para participar no acto e viaxou de volta a Galicia canto rematou o mesmo.

A viaxe permitiu reforzar o enriquecedor e imprescindible diálogo cultural entre Galicia e a Rexión do Norte de Portugal, coa que se manteñen distintas iniciativas de colaboración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e  
Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:11:18





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24499**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe a Vidago realizada polo director da Axencia Galega das Industrias Culturais o día 24 de novembro de 2016 para intervir na rolda de prensa de presentación da serie galaico-portuguesa Vidago Palace”, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos**”, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Por mor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de conformidade co Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, o director xeral de relacións Exteriores e coa UE comparece cada seis meses en sede parlamentaria para dar conta das viaxes de todos os altos cargos da Xunta de Galicia durante o período precedente. Ademais, a súa comparecencia publícase, tamén cada seis meses, no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Por outra banda, debemos lembrar os condicionantes da Lei estatal 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado, que obriga ás Administracións Públicas e aos seus entes, entidades e organismos a informar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das viaxes internacionais.

Nunca se tiña acadado un nivel tan elevado de transparencia e de publicidade referido as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia como o actual.

O director de Agadic viaxou acompañado polo persoal de apoio técnico ou de gabinete que resulta ser necesario para este tipo de desprazamentos ao exterior, neste caso pola coordinadora de Política Audiovisual da Axencia

No que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto, con cargo as dotacións asignadas para estes fins nos Orzamentos Xerais e axustado aos obxectivos acadados, sendo aplicada en todo caso a normativa vixente como o Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre Indemnizaciones por Razón del Servicio, así como as disposicións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega desde a súa aprobación no ano 2014.

No caso da viaxe á que se refire a pregunta, o 24 de novembro de 2016 o director de Agadic desprazouse 213 km ata a localidade portuguesa de Vidago co motivo de apoiar a unha empresa galega na presentación dun proxecto audiovisual. Este proxecto foi o primeiro proxecto audiovisual que contou co apoio dos gobernos de Portugal e Galicia (a través do ICA e Agadic) e das respectivas televisións –RTP e TVG-.

O proxecto saíu adiante, emitíuse tanto en Galicia como en Portugal e está tendo vendas no estranxeiro, que ademais son xestionadas pola empresa galega, Portocabo.

Finalmente, non houbo axenda institucional, máis alá da propia presentación e representación da Xunta de Galicia no sinxelo acto organizado en Vidago.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e  
Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:10:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24721**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para a execución da sentenza ditada polo Tribunal Constitucional respecto das solicitudes de permuta dos postos de traballo presentadas por dúas traballadoras interinas do persoal laboral dependente dela, as medidas previstas na materia, así como a negociación da adaptación do V Convenio colectivo único á Directiva 1999/70/CE”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A sentenza 149/2017, do 18 de decembro de 2017 do Tribunal Constitucional se pronuncia para un caso concreto, e non se pode aplicar con carácter xeral para todos os casos de solicitude de permuta entre persoal temporal. Non toda desigualdade de trato normativo respecto á regulación dunha determinada materia supón unha infracción do principio de igualdade recollida no artigo 14 da CE pois en calquera caso sería preciso comprobar se as situacións que se pretenden comparar son iguais ou similares. A propia sentenza, nos fundamentos xurídicos, fai referencia a que o dereito de igualdade ante a lei recoñecido no artigo 14 CE non implica en todos os casos un tratamento legal igual con abstracción de calquera elemento diferenciador de relevancia xurídica.

O Tribunal Constitucional, neste suposto concreto, aprecia que todos os elementos son coincidentes en ambas traballadoras temporais e, que o único criterio de diferenciación é a temporalidade do contrato de traballo; razón que por se soa non pode xustificar a disparidade de trato se non está complementada por outros factores por se mesmos diferenciadores.

Consecuentemente, estima o recurso interposto, concedendo a permuta para este suposto en concreto e non como regra de aplicación xeral a todas as permutas entre persoal temporal.

A Xunta de Galicia xa autorizou a permuta das traballadoras con data 6 de setembro de 2017, anteriormente á sentenza do Tribunal Constitucional, e de acordo coa sentenza do 13 de xullo de 2017 (Autos 460/2017) do Xulgado do Social número 1 de Ourense por ter carácter firme.

O Goberno galego analizará, como xa o ven facendo, as solicitudes de permutas que afecten a empregados públicos autonómicos, tendo en conta as circunstancias dos postos de traballo obxecto da permuta, así como a análise particular das peticións, todo elo en consonancia coas particularidades que entrañe a adopción dunha resolución a este respecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:40:11



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24743**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe oficial a París iniciada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto co secretario xeral de Política Lingüística e o director da Fundación Cidade da Cultura de Galicia o día 10 de abril de 2017, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Por mor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de conformidade co Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, o director xeral de relacións Exteriores e coa UE comparece cada seis meses en sede parlamentaria para dar conta das viaxes de todos os altos cargos da Xunta de Galicia durante o período precedente. Ademais, a súa comparecencia publícase, tamén cada seis meses, no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Por outra banda, debemos lembrar os condicionantes da Lei estatal 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado, que obriga ás Administracións Públicas e aos seus entes, entidades e organismos a informar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das viaxes internacionais.

Nunca se tiña acadado un nivel tan elevado de transparencia e de publicidade referido as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia como o actual.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto co secretario xeral de Política Lingüística e a directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia realizaron viaxe oficial do 10 ao 12 de abril de 2017 a París.

No que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto, con cargo ás dotacións asignadas para estes fins nos Orzamentos Xerais

e axustado aos obxectivos acadados, sendo aplicada en todo caso a normativa vixente como o Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre Indemnizaciones por Razón del Servicio, así como as disposicións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega desde a súa aprobación no ano 2014.

No caso da viaxe á que se refire a pregunta, viaxou para:

- Visitar o Centro de Estudos Galegos da Université Sorbonne
- Participar nos actos relativos á exposición 'José Suárez, uns ollos vivos que pensan', no Instituto Cervantes de París. Concretamente tomou parte na:
  - Inauguración da mostra
  - Visita guiada polos comisarios Xosé Luís Suárez Canal e Manuel Sendón
  - Mesa redonda na que interviron o director do Instituto Cervantes, e os comisarios da exposición

Finalmente, a axenda institucional, destacou por:

- A exposición 'José Suárez, uns ollos vivos que pensan' desenvolta no Instituto Cervantes entre o 11 de abril e o 25 de maio, permitiu promover un maior coñecemento dun artista galego que se converteu nun nome imprescindible na historia da fotografía do século XX.
- A mostra, que foi inaugurada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, chegou á capital francesa tras o seu paso por Santiago de Compostela, Madrid, Bos Aires e Montevideo, a través dun programa de itinerancias co que a Xunta, en colaboración con institucións como o Cervantes, o Centro Cultural Borges ou o Centro Cultural España da capital uruguiaia, posibilitou o impulso desde a Consellería, de proxectos que trascenden os límites territoriais de Galicia. Deste xeito, contribúese á fin de que a identidade cultural galega, expresada a través dos seus artistas e creadores, teña presenza relevante a nivel internacional.
- Dentro dos actos relativos á exposición, destacou unha conferencia ofrecida polos comisarios da mostra, Xosé Luis Suárez Canal e Manuel Sendón, na que presentaron a José Suárez como un artista innovador, atento aos movementos das vangardas e comprometido coa fotografía como medio de expresión artística.



- Destacou tamén á visita ao Centro de Estudos Galegos da Universidade da Sorbona, centro universitario en cuxo lectorado aprenden lingua, literatura e cultura galegas 23 alumnos e alumnas.
- A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en Universidades de Europa e de América é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión do galego no exterior, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes, ao observaren o interese e o recoñecemento que posúe fóra das fronteiras administrativas de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/04/2018 12:13:05



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24744**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe oficial a Bos Aires iniciada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto co secretario xeral de Cultura e o secretario xeral de Política Lingüística o día 4 de maio de 2017, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Por mor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de conformidade co Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica, o director xeral de relacións Exteriores e coa UE comparece cada seis meses en sede parlamentaria para dar conta das viaxes de todos os altos cargos da Xunta de Galicia durante o período precedente. Ademais, a súa comparecencia publícase, tamén cada seis meses, no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Por outra banda, debemos lembrar os condicionantes da Lei estatal 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado, que obriga ás Administracións Públicas e aos seus entes, entidades e organismos a informar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das viaxes internacionais.

Nunca se tiña acadado un nivel tan elevado de transparencia e de publicidade referido as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia como o actual.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co secretario xeral de Cultura e o secretario xeral de Política Lingüística, realizaron viaxe oficial o 4 ao 9 de maio de 2017 a Bos Aires; en particular, o conselleiro viaxou acompañado polo xefe do Gabinete da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O secretario xeral de Cultura permaneceu na cidade ata o día 10 de maio.

No que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto, con cargo as dotacións asignadas para estes fins nos Orzamentos Xerais e axustado aos obxectivos acadados, sendo aplicada en todo caso a normativa vixente como o Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre Indemnizaciones por Razón del Servicio, así como as disposicións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Código Ético institucional, que regula as viaxes ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega desde a súa aprobación no ano 2014.

No caso da viaxe á que se refire a pregunta, os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desprazáronse para participar na 43ª Edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires.

A axenda institucional, alén da presenza na Feira, destacou por:

- A asistencia ao acto homenaxe a Rosalía de Castro
- A celebración dunha reunión con representantes da Fundación El Libro
- A coordinación do Colegio Santiago Apóstol e promoción da lingua galega entre o seu alumnado
- A asistencia ao Padroado da Fundación Galicia América
- A celebración dun Acto na Academia Arxentina
- A aceptación da distinción Huésped de Honor

Concretar, asemade que, o secretario xeral de Cultura, acompañou ao conselleiro de Cultura e Educación nas actividades levadas a cabo en relación á presenza galega na 43ª Feira Internacional do Libro de Bos Aires, ademais de asistir con el a xuntanzas con representantes institucionais da Cultura da capital.

Así, o secretario xeral de Cultura participou no acto de homenaxe a Rosalía de Castro no 180 aniversario do seu nacemento, o día 6 de maio, no Xardín dos Poetas que consistiu nunha ofrenda floral e un recital poético con acompañamento musical ao pé do busco dedicado á autora galega. O 8 de maio, estivo na presentación e entrega de premios do certame Galicia entre nosotros, celebrada na Academia Argentina de las Letras.

O secretario xeral de Cultura tivo, ademais, axenda propia durante os días que permaneceu na capital arxentina. O 7 de maio participou nunha homenaxe á escritora arxentina de orixe galega María Esther Vázquez, organizado pola Sociedad Argentina de Escritores (SADE) na sala Roberto Alrt do recinto feiral. O martes día 9 reuniuse co director do libro, bibliotecas e

promoción da lectura do goberno de Buenos Aires, e o seu xefe de gabinete, na Biblioteca Julio Cortázar que alberga, desde o ano 2010, o espazo Rosalía de Castro, dedicado á literatura en galego. Ese mesmo día, o secretario xeral de Cultura moderou unha charla entre o booktuber Sebastián García Mouret e a escritora Andrea Maceiras, na que analizaron, en diálogo cun público mozo que desbordou a sala Alfonsina Storni da Feria, as características dos novos escritores e dos novos lectores.

A axenda institucional do secretario xeral de Cultura tivo outros actos institucionais, fóra das actividades directamente relacionadas coa Feira do Libro. Así, o venres 5 maio mantivo unha reunión co subsecretario de Economía Creativa, Andrés Gribnicow, para abordar a participación de Galicia no MICA. O día 8 de maio, na delegación da Xunta en Buenos Aires recibiu á presidenta e á secretaria da Asociación Echando Raíces, conformada na súa maioría por descendentes de galegos. As representantes da asociación presentáronlle ao secretario xeral de Cultura o seu proxecto cultural e entregáronlle un dossier do espectáculo Las dos en punto, organizado polo grupo de teatro Baúl Galego.

Finalmente, a axenda institucional dos responsables da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, destacou por:

- ◆ Esta edición da Feira recibiu a visita de máis dun millón de lectores e lectoras e de máis de 12.000 profesionais do libro durante as súas case tres semanas de duración.
- ◆ Galicia contou cun espazo nesta Feira, promovido desde hai anos pola Xunta de Galicia, que pon ao dispor das editoriais e dos escritores un stand para a difusión do libro e da literatura galega, así como para a realización de diversas actividades. A presenza na feira de Bos Aires enmárcase na acción de goberno de favorecer a internacionalización do sector editorial de Galicia.
- ◆ Inicio das xestións co Centro Galicia de Bos Aires, que cristalizaron no anuncio da viaxe do cadro 'A última lección do mestre' a Galicia como peza central dunha exposición na Cidade da Cultura.
- ◆ Conmemoración do 180º aniversario do nacemento de Rosalía de Castro nun acto que congregou a destacadas personalidades da cultura arxentina, entre elas o presidente da Academia Arxentina de Letras, José Luis Moure; o presidente da Sociedade Arxentina de Escritores, Alejandro Vaccaro, ou o presidente do Centro Galicia de Bos Aires, José María Vila Alén, entre outras.

- ◆ Asistencia do conselleiro ao Padroado da Fundación Galicia América.
- ◆ Realización, por primeira vez, dun acto sobre na Academia Arxentina de Letras: presentación do libro ‘Galicia entre nosotros. Relatos de estudantes argentinos’, que recolle os contos premiados do concurso ‘Galicia entre nosotros’, que organizou a Academia Arxentina de Letras en adhesión á participación de Santiago de Compostela como cidade invitada de honor da 42ª edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/04/2018 11:49:42



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26323**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posible existencia de saturación do Servizo de Oftalmoloxía das áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés, a consecuencia da acumulación de doentes con cataratas, as medidas propostas pola Xerencia do Complexo Hospitalario de Pontevedra para mellorar a xestión e organización das consultas e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Cando o novo equipo directivo da EOXI Pontevedra-Salnés tomou posesión do seu cargo hai 11 meses detectou cuestións de funcionamento que debían resolverse, tales como a demora importante na consulta de cataratas, á que os pacientes accedían despois de ser atendidos por un oftalmólogo nunha primeira consulta xeral, e un importante incremento de inclusións en lista de espera cirúrxica para intervención de cataratas, co conseguinte incremento na demora desta cirurxía.

A solución presentada polo xefe de servizo de Oftalmoloxía contemplaba exclusivamente á vía de programar actividade extraordinaria cirúrxica de xeito estable para o servizo de Oftalmoloxía. En ningún momento formulaba melloras na xestión e na organización de consultas para dar resposta na xornada de mañán tal e como se lle propuxo desde a dirección, que se complementarían cun plan especial de xornada extraordinaria durante un período limitado.

Desde a Xerencia púxose en marcha a adhesión do servizo de Oftalmoloxía ao protocolo de inclusión en lista de espera cirúrxica para cataratas, consensuado polos diferentes xefes de servizo de oftalmoloxía do Sergas e aprobado pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Unha vez que se fixo efectiva a xubilación do xefe de servizo de Oftalmoloxía procedeuse a publicación do anuncio de 21 de marzo de 2018, da Xerencia de Xestión Integrada de



Pontevedra e o Salnés, de convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura do Servizo de Oftalmoloxía (DOG do 16 de abril de 2018).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,  
A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:10:47



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/04/2018 17:34  
Nº Rexistro: 29615

Data envío: 18/04/2018 17:34:24.966

Data 18/04/2018 17:34

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 26595**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación co proxecto correspondente ao polígono industrial Val da Rabeda, no concello de Taboadela”**, (publicada no BOPG número 269, do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto do anterior Goberno da Xunta co Plan Territorial Integrado (PTI) do Val da Rabeda naceu como un plan sobredimensionado e carente de rigor ao non ter en conta as importantes afeccións da zona, que imposibilitarían o seu desenvolvemento.

Entre as principais cuestións que imposibilitarían o desenvolvemento do PTI e que non estaban contempladas no mesmo, ou para as que se propoñían solucións inviables, están as dúas liñas eléctricas que atravesan o ámbito, a existencia de restos arqueolóxicos que é preciso conservar, ou as afeccións pola liña ferroviaria de alta velocidade.

O PTI non só prevía solo empresarial, senón tamén un polígono residencial de 105 hectáreas destinado á creación de 1.409 vivendas. Esta estimación resulta desproporcionada, especialmente se temos en conta as previsións contidas no Plan Sectorial de Solo Residencial.

Finalmente o PTI prevía destinar 41 hectáreas a un polígono agropecuario no que situar hortas para a explotación por parte de habitantes sen terra propia, actuación que está fóra de todas as competencias, tanto do actual Instituto Galego da Vivenda e Solo, como da antiga Consellería de Vivenda do anterior Goberno da Xunta.

Por estas razóns o Consello da Xunta decidiu, en abril de 2010, desistir da tramitación do PTI.

Páxina 1 de 2

O desenvolvemento de novas actuacións de solo empresarial está vinculado á existencia de demanda e necesidade do mesmo, demanda que se acreditará a través do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 17:34:05



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27078**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a sentenza xudicial referida á adxudicación no ano 2012 da Xefatura de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa execución da sentenza pola que se anula o proceso de provisión da Xefatura de Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, cómpre indicar que no momento de proceder á súa execución por parte do SERGAS estímase a imposibilidade legal da súa execución xa que un dos dous únicos candidatos xubilouse en data 20 de xaneiro de 2015, polo que actualmente non está en servizo activo, que é un requisito imprescindible para participar no procedemento de provisión de postos de xefatura. E a condición de persoal estatutario fixo debe manterse durante todo o tempo que dura o procedemento de provisión, pois é obvio que carece de sentido nomear a un aspirante do que se sabe que legalmente non vai poder ocupar a praza e prestar o servizo.

En aplicación do artigo 105.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, deuse traslado desta incidencia ao órgano xudicial.

Ata a data non consta ningunha notificación sobre o pronunciamento do órgano xudicial respecto diso, polo que non se pode proceder á execución da referida sentenza ata que o órgano xudicial non se pronuncie acerca da cuestión exposta.

Respecto da cuestión de se o nomeamento do actual xefe de servizo é nulo, temos que ter en conta que na sentenza se recolle que a actividade administrativa impugnada, (resolución pola que se elevan a definitivas as puntuacións asignadas aos aspirantes), debe ser anulada e ordénase a retroacción de actuacións para que se designe unha nova Comisión de Avaliación. Non se establece un cesamento automático do actual Xefe de Servizo, senón que o mesmo sería consecuencia da execución da sentenza (anulación da resolución de puntuacións definitivas, designación dunha nova Comisión, e nomeamento doutro candidato, no caso de que non

resultase adxudicatario actual), o cal aínda non se produciu por estar pendente o pronunciamento do órgano xudicial respecto da cuestión exposta en relación cos termos exactos de execución.

Polo tanto, esta Administración, mentres non reciba o pronunciamento xudicial en relación coa cuestión exposta (imposibilidade legal de executar a sentenza nos seus propios termos), non pode realizar ningunha actuación en relación coa provisión do posto de Xefatura de Servizo de Psiquiatría”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:10:39**





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27125**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación actual do transporte sanitario urxente terrestre en relación coas novas referidas ao anuncio de renuncia polas empresas concesionarias a algúns dos lotes adxudicados, a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ao respecto, así como a garantía do correcto funcionamento do servizo”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As empresas concesionarias dos lotes de: Santiago, Bergantiños-Costa da Morte, Barbanza-Muros, Lugo e O Salnés-A Estrada aos que se fai referencia na pregunta, solicitaron: “ bien la resolución por mutuo acuerdo de las partes del contrato suscrito con la Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 ..., o bien un incremento de la dotación presupuestaria del mismo en un porcentaje que permita esta mercantil afrontar el servicio, toda vez que la insuficiencia de la contraprestación económica actual del contrato conlleva para esta empresa un grave quebranto económico con un altísimo, por no decir que cierto, riesgo de quiebra”.

A Fundación está a revisar a documentación achegada e as circunstancias acontecidas dende a licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, aínda que dende o momento da licitación non se entende que se aprecien causas sobrevidas que incidan directamente no custo do servizo.

En calquera caso, no suposto de que a renuncia se fixese efectiva, o concesionario do servizo ten a obriga legal de manter a súa prestación ata o momento da resolución dun novo procedemento administrativo. A Fundación Pública Urgencias de Galicia-061, nese momento, iniciaría automaticamente unha nova licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre.

O servizo de transporte sanitario urxente terrestre estase a realizar dentro dos estándares de accesibilidade, equidade e calidade ofertados á totalidade da poboación galega, tendo a administración mecanismos a súa disposición para garantir que esta situación se manteña en tódalas circunstancias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:10:30



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27189**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a información e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas á derivación de operacións de varices a clínicas privadas dende o Complexo Hospitalario de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No momento en que un profesional do Sergas na atención do paciente indica a necesidade dunha intervención cirúrxica, nese momento cumprimenta unha folia de inclusión en lista de espera que se rexistra na lista de espera oficial do centro do Sergas que ten asignada a asistencia dese paciente.

Existen tres formas básicas de prestar o servizo a estes pacientes en lista de espera para intervención cirúrxica:

- a) intervención en xornada ordinaria no centro do Sergas
- b) intervención en xornada extraordinaria no centro do Sergas
- c) intervención en centro concertado

A decisión de que vía se utiliza para cada intervención corresponde sempre aos responsables tanto asistenciais, como de admisión e de dirección dos centros do Servizo Galego de Saúde

Polo tanto desde o Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra non se derivan pacientes á centros concertados sen que estean previamente na lista de espera cirúrxica.

O Servizo Galego de Saúde aborda con medios propios a inmensa maioría das intervencións cirúrxicas dos pacientes da Comunidade Autónoma. Os datos que corroboran esta afirmación son os recursos que a Xunta de Galicia adica á rede pública do Sergas e os que adica a centros concertados.

Concretamente no ano 2008 a Xunta de Galicia adicaba á sanidade pública 3.532 millóns de euros (un 35,7% dos seus recursos) mentres que neste ano 2018 se adican 3.784 millóns de euros (un 40,7%), cinco puntos máis. Por outra banda a centros privados concertados adicábanse en 2008 uns 216 millóns de euros e neste ano 2018 adícanse 205 millóns.

Cos datos anteriores non se pode soste que non se dota de medios á sanidade pública e moito menos que se recorre á privada de xeito estrutural. Os centros concertados desenvolven unha actividade complementaria a actividade do sistema público de saúde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:10:21



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27225**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Monforte de Lemos”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Atendendo ás deficiencias indicadas na devandita pregunta informamos:

INCIDENCIA 1. FALTA DELIMITAR OFICIALMENTE O PERCORRIDO, QUE LLE CORRESPONDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA.

A ruta en efecto está pendente da delimitación oficial da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

INCIDENCIA 2. NO PLENO CELEBRADO O 2 DE NOVEMBRO DE 2016 NO CONCELLO DE MONFORTE ACORDOUSE POR UNANIMIDADE SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN E XESTIÓN DUN ALBERGUE QUE LEVE APARELLADO UNHA OFICINA DE INFORMACION NO CENTRO DA CIDADE, REHABILITANDO ALGUNHA DAS CASAS CON HISTORIA ( POR EXEMPLO O ANTIGO HOTEL VICTORIA DA RÚA CARDEAL ESTREITO), A FIN DE QUE VEÑA ACOMPAÑADO DE RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO.

Turismo de Galicia remítese ao Plan director do Camiño de Santiago, documento co que desde 2015 o Goberno autonómico quere dar resposta ás necesidades actuais da ruta e dos peregrinos, que cada ano son máis e chegan dun maior número de países.

O Plan director do Camiño de Santiago inclúe actuacións de sinalización e acondicionamento dos diferentes trazados e contén diferentes medidas relacionadas con os camiños. Neste ano 2018 focalízase a actividade no Camiño Portugués-Portugués da Costa, no 2019 será a quenda da Vía da Prata e o 2020 do Camiño de Inverno e Ruta do Mar de Arousa/Ulla.

INCIDENCIA 3. NA CIDADE ESTÁ INCOMPLETA A SINALIZACIÓN DAS CONCHAS METÁLICAS OU AZULEXOS

A Axencia Turismo de Galicia a través do contrato de 'CONSERVACIÓN INTEGRAL' está a realizar unha inspección periódica e segundo necesidades a través da brigada de conservación para dar solución e reportar toda a sinalización deteriorada, incluíndo a colocación das cunchas e azulexos.

Unha vez notificada á brigada de conservación, durante os próximos días inventariase a sinalización incompleta e en mal estado e procederase a súa colocación como acontece sempre.

INCIDENCIA 4. FALTAN PUNTOS DE SELADO DE CREDENCIAIS, QUE NORMALMENTE FAISE EN IGREXAS E LOCAIS DE HOSTALERÍA OU ALBERGUES.

O selado das credenciais de peregrinos pode realizarse en calquera establecemento de carácter público ou privado da localidade por onde transitan os peregrinos, non existen lugares 'oficiais' para o selado das credenciais.

De todos os xeitos remarcamos que non é competencia da Axencia de Turismo de Galicia.

INCIDENCIA 5. O CAMIÑO ESTÁ EN MAL ESTADO EN VARIOS TREITOS, SENDO NECESARIO MELLORAR O FIRME, FACER PASOS DE AUGA, LIMPAR CUNETAS E REALIZAR PODAS E DESBROCES DAS ÁRBORES E DA MALEZA QUE SE ATOPA NAS MARXES DO CAMIÑO.

A Axencia Turismo de Galicia a través do contrato de 'CONSERVACIÓN INTEGRAL' realiza o desbroce periódico tres veces o ano e segundo necesidades polo que periodicamente límpase este punto do camiño.

A última campaña de desbroce executouse entre os meses de setembro e decembro. A próxima campaña executarase entre este mes de abril e xuño. Así mesmo, as brigadas de conservación recorren continuamente os camiños de Santiago realizando tarefas de desbroces manuais naqueles puntos de difícil acceso ou por necesidades puntuais.

Outro dos traballos que se están a executar é a recopilación de incidencias detectadas ao longo do camiño do inverno co fin de desenvolver un proxecto de recuperación que dea solución aos problemas detectados.

Os traballos de limpeza de cunetas e melloras das obras de drenaxe transversal estanse a realizar periodicamente pola brigada de conservación.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/04/2018 13:47  
**Nº Rexistro: 29331**  
Data envío: 12/04/2018 13:47:12.525

INCIDENCIA 6. DIFICULTADE PARA OBTER AUGA POTABLE AO PÉ DO CAMIÑO.

As fontes existentes na traza do camiño de Santiago que se atopen en mal estado ou presenten algunha incidencia, repáranse a través de dita conservación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 7e680725-70b0-7978-3d81-3329ba4958b8



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 13:47:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27230**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Pantón”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Atendendo ás deficiencias indicadas na devandita pregunta informamos:

INCIDENCIA 1. EN TRAMOS PUNTUAIS FAI FALLA UNHA LABOR CONTINUA (TODOS OS ANOS) DE LIMPEZA DE BROZA PARA QUE O CAMIÑO SEXA TRANSITABLE.

Turismo de Galicia través do contrato de ‘CONSERVACIÓN INTEGRAL’ realiza o desbroce periódico tres veces o ano e segundo necesidades polo que periodicamente desbrozase este punto do camiño.

A última campaña de desbroce executouse entre os meses de setembro e decembro. A próxima campaña executarase entre este mes de abril e xuño. Así mesmo, as brigadas de conservación recorren continuamente os camiños de Santiago realizando tarefas de desbroces manuais naqueles puntos de difícil acceso ou por necesidades puntuais.

INCIDENCIA 2. NO LINDE DE O SAVIÑO E PANTÓN HAI UN PUNTO NEGRO AO TER QUE CRUZAR UN REGO SEN PONTILLÓN NIN PEAXES.

O problema existente no linde entre os concellos de Saviño e Pantón é o seguinte: os prados existentes na contorna do camiño evacúan as súas augas o camiño, polo que en épocas de choivas anégase dificultando o paso os peregrinos. Ao ser este o punto baixo e

ao non haber un punto de drenaxe próxima, as augas descorren por un tramo de lonxitude aproximada de 150 m.

A Axencia Turismo de Galicia, a través da Conservación integral, registrou a incidencia acontecida e analizou as posibles solucións para executar plan de traballos.

A solución máis adecuada, semellante a empregada en outros puntos de iguais características é a creación dunha cuneta con borde de pedra e elevar a cota do camiño mediante o estendido dunha capa de pedraplén que sirva de base para a posterior execución dun firme en saburra estabilizada.

INCIDENCIA 3. DIFICULTADE PARA OBTENIR AUGA POTABLE AO PÉ DO CAMIÑO.

As fontes existentes na traza do camiño de Santiago que se atopen en mal estado ou presenten algunha incidencia, repáranse a través de dita conservación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 12:35:39



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **27286**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o investimento total levado a cabo pola Xunta de Galicia para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro, no concello de Boborás, o seu funcionamento na actualidade como casa de turismo rural e o prazo de vencemento da concesión outorgada para a súa xestión, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Dende o 6.10.2005 a entidade Viñedos del Miño, S.L., xestionou, mediante concesión, a Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás (Ourense) para uso hoteleiro, tras a tramitación do expediente para a adxudicación mediante concurso e por procedemento aberto.

O contrato establece unha duración de doce anos a contar desde a entrega formal do inmovible, salvo resolución do mesmo, e entenderase prorrogado de xeito automático por períodos de tres anos, ata o límite de vinte e cinco anos, se non houbera algún requirimento previo de 6 meses por algunha das partes.

O 1 de marzo de 2017 notificouse á concesionaria o requirimento previo, cunha antelación de seis meses, á entidade concesionaria Viñedos del Miño SL, aos efectos de non prorrogar o contrato de xestión, mediante concesión, da Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás (Ourense). A concesión rematou o 6 de outubro de 2017.

Na recepción do inmovible, polo persoal técnico da Axencia indicáronse unhas reparacións que lle correspondían á concesionaria por tratarse de defectos imputables á súa conservación e mantemento, o que se levou a cabo pola concesionaria.

A día de hoxe, xa rematadas as actuacións que a concesionaria asumiu realizar, o concello de Boborás manifestou a súa vontade de facerse cargo do inmovible, posto que isto permite un maior control da futura concesión.

A Axencia Turismo de Galicia está a tramitar a realización do correspondente expediente de concesión demanial, ao abeiro do disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 13:46:56





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27431**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“o trazado finalmente elixido para o treito 2 (PO-350-enlace Goián) da Vía de Alta Capacidade Tui-A Guarda e as razóns da demora na desafección dos terreos inicialmente afectados e nos que xa non se vai construír esa infraestrutura”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O ‘Proxecto construtivo da VAC Tui- A Guarda. Treito II: Enlace PO-350 - Enlace de Goián’, aprobado o 11 de abril de 2012, non se chegou a licitar a causa do seu impacto ambiental e social, e ao elevado importe concentrado nunha única actuación. Este importe, superior a 120 millóns de euros, debíase fundamentalmente ás complicacións que presentaba o trazado ao atravesar un ámbito tan sensible como a ribeira do río Miño, o que obrigou a proxectar un gran viaduto paralelo no seu trazado ao propio río Miño.

Ante esta situación, optouse por reformular o antedito proxecto, co fin de facer viable a actuación, cunha mellor adaptación ao territorio e permitindo a súa execución por fases. O 20 de outubro de 2017 a Axencia Galega de Infraestruturas publicou no Diario Oficial de Galicia a licitación do contrato de servizo para a redacción do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental: reformulación do treito PO-350 Goián da VAC Tui-A Guarda. O contrato xa se formalizou, polo que se están a comezar os traballos previstos neste contrato. Polo tanto, neste momento non é posible determinar con exactitude o novo trazado, xa que este é, precisamente, o obxecto do referido contrato.

Respecto da desafección dos terreos, sinalar que, a día de hoxe, están afectados pola aprobación do anterior proxecto de trazado, de maneira que, ata que non se aprobe o novo

proxecto, acto no que se anulará a aprobación do antigo, non se poden desafectar. Non obstante, hai que destacar que o expediente de expropiación dos terreos non se chegou a iniciar, polo que, nestes momentos, a titularidade destes segue correspondendo aos seus propietarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 14:21:10

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27554**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non cubrir a baixa da profesional que atende o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Escairón, no concello do Saviñao, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A situación da cobertura por incapacidade temporal desde o 27 de febreiro de 2018 de Quiroga, O Saviñao, Pobra de Brollón e Bóveda é a tempo completo desde o día 12 de marzo de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:39:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27664**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para evitar a perda de poder adquisitivo polos pensionistas galegos no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 10.04.2018- polo conselleiro de Facenda ao darlle resposta á interpelación 27661 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:54:00

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27747**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á necesidade de aprobación dunha nova lei estatal de vivenda e as demandas ao respecto da Coordinadora Galega de Stop Desafiuzamentos/Plataforma de Afectados pola Hipoteca, así como as súa valoración en relación co incremento dos desafiuzamentos en Galicia no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xunta tense posto en marcha un conxunto de medidas de protección do dereito á vivenda que facilitan o acceso a un fogar ás familias coas rendas máis baixas ao tempo que se trata evitar os desafiuzamentos ou paliar os seus efectos.

As políticas públicas de vivenda que vén impulsando o Goberno galego e que prestan especial atención aos afectados por desafiuzamentos, veranse complementadas tamén co Plan estatal de Vivenda 2018-2021, que incrementa os recursos destinados a Galicia. Esta programación representa unha oportunidade para continuar avanzando nos obxectivos que se ten marcado a Xunta, tamén no relativo á loita contra os desafiuzamentos e os seus efectos.

Lembrar, por último, que os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial non diferencian entre execucións hipotecarias sobre vivendas e outros bens como solares, naves, prazas de garaxe, locais comerciais, fincas rústicas e explotacións agropecuarias e calquera outro ben susceptible de ser hipotecado. Os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial non se refiren a vivendas en exclusiva, e moito menos, a vivendas que constitúan a residencia habitual e permanente do propietario, xa que tamén se executan hipotecas sobre segundas residencias, vivendas propiedade de inversores e de promotores, etc.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:10:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27803**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a incidencia da demora da Xunta de Galicia no desenvolvemento da plataforma que debería permitir a reserva dos novos pases de acceso ás Illas Cíes nas expectativas económicas do sector turístico e doutros servizos vinculados, a avaliación do seu impacto económico, así como os prazos previstos para a súa posta en marcha”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 12.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 27802 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:10:13



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27868**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e os prazos estimados polo Goberno galego para o efectivo inicio e remate das obras de construción da redonda comprometida no punto quilométrico 1.900 da estrada PO-404 para facilitar o acceso á EDAR de Guillarei, no concello de Tui”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto -Glorieta de acceso á EDAR de Guillarei (PO-404)-, ten por obxecto construír unha rotonda que facilite o acceso á estación depuradora de augas residuais en Guillarei, Tui. Na actualidade, a área de actuación deste proxecto ten unha intersección en T coa vía de acceso á EDAR de Guillarei, sen carrís de espera e incorporación, nun treito con visibilidade reducida. O proxecto reordenará o tráfico mediante unha glorieta no punto quilométrico 1+900, o que mellorará a seguridade viaria. Ademais, inclúe as seguintes actuacións:

- Continuidade dos itinerarios peonís, para mellorar a seguridade viaria de peóns e ciclistas.
- Pavimentación con capa de rodaxe, pavimento lastrado e de formigón no illote interior da glorieta e ampliación da plataforma da estrada.
- Iluminación da glorieta proxectada.
- Sinalización, balizamento e defensas.
- Mellora, limpeza e adecuación da drenaxe

A Axencia Galega de Infraestruturas publicou no Diario Oficial de Galicia do 26 de febreiro de 2018 o anuncio do trámite de información pública do proxecto, xunto coa relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados por este. O prazo para as alegacións

dos particulares no trámite de información pública rematou hai tan só uns días, o 11 de abril de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:10:32

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27896**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, así como a data prevista para o inicio da ampliación da zona de urxencias do centro”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto básico e de execución correspondente á fase 1 do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol está en fase de supervisión, para a continuación proceder á licitación da obra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 11:17:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27927**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as características técnicas que se van establecer e, en concreto, os valores máximos de inclinación da rasante en rampas ou pendentes previstos para a conversión da estrada Brión-Noia en autovía”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 22539, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018, á que nos remitimos.

Polo tanto, como xa se ten sinalado en resposta a esa pregunta escrita, dado que se trata de levar a cabo un desdoblamento, as características técnicas virán definidas polo trazado actual.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 13:46:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27932**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“o cronograma de actuacións que está a manexar a Xunta de Galicia para a efectiva execución da autovía Brión-Noia”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 22539, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018, á que nos remitimos.

Como xa se expón na resposta a esa pregunta escrita, o desdoblamento levarase a cabo por fases: en decembro de 2017 licitouse o contrato de servizos para a redacción do proxecto construtivo da primeira fase (p.q. 11+000-21+000), correspondéndose a segunda fase cos oito quilómetros restantes (p.q. 21+000 ata o final do corredor, no p.q. 29+000).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 13:46:36

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27933**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don Raúl Fernández Fernández, sobre “ **a opinión da Xunta de Galicia respecto da posta en servizo da autovía Brión-Noia no ano 2022**”, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 22539, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018, á que nos remitimos.

Non se poden concretar máis prazos ata contar co correspondente proxecto construtivo; non obstante, si que se considera factible que a esa data se conte con nova autovía que prolongue a AG-56 cara a Noia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 13:48:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27934**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización do proxecto e obra da autovía Brión-Noia por tramos, e se é o caso, os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 22539, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018, á que nos remitimos.

Polo tanto, como xa se expón na resposta a esa pregunta escrita, o desdoblamento levarase a cabo por fases: en decembro de 2017 licitouse o contrato de servizos para a redacción do proxecto construtivo da primeira fase, nun treito de 10 quilómetros (p.q. 11+000-21+000); correspondéndose a segunda fase cos oito quilómetros restantes (p.q. 21+000 ata o final do corredor, no p.q. 29+000).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 13:46:14





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27935**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as razóns da vinculación da realización da autovía Brión-Noia á execución do desdoblamento do corredor do Morrazo que aínda non foi adxudicada na súa totalidade”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 22539, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018, á que nos remitimos.

En todo caso, sinalar que a referencia á Autovía do Morrazo débese a que este é o modelo polo que se está a apostar desde o Goberno galego para a construción dos grandes eixes vertebradores do territorio, executando as infraestruturas por fases e vía orzamentaria, a medida que se poidan pagar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 13:46:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **27936**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don Raúl Fernández Fernández, sobre “**os datos referidos ao investimento que vai destinar a Xunta de Galicia ao desdoblamento da estrada Brión-Noia en Autovía**”, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 22539, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 286, do 2 de abril de 2018, á que nos remitimos.

Os investimentos necesarios para a execución das obras iranse definindo nos proxectos construtivos, non podendo precisarse nestes momentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2018 13:45:34

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28366**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a xustificación do Goberno galego para non dotar o Sergas dos medios suficientes para a prestación da asistencia sanitaria e recorrer de xeito estrutural á prestación de servizos nel por medio de concertos coa sanidade privada”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 10.04.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á interpelación 28365 sobre similar tema e formulada pola mesma deputada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:53:48

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28380**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 285 do 23 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 10.04.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á interpelación 28372 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/04/2018 9:53:22



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28605**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a incidencia na débeda da comunidade autónoma das modificacións de crédito por importe de 57.665.343,74 euros para produtos farmacéuticos e material sanitario e de 975.067,26 euros para cotas sociais de Seguridade Social do Sergas, correspondentes ao mes de decembro de 2017”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Polo que respecta a primeira pregunta, indicamos que ante a imposibilidade de financiar con recursos propios do Servizo Galego de Saúde, a necesidade de dotar o crédito nas aplicacións orzamentarias correspondentes para atender o gasto farmacéutico, tanto hospitalario (33.045.343,74€), como o derivado da prescrición de receitas médicas (24.620.000€), optouse polo financiamento mediante o endebedamento dentro dos límites autorizados e con estrito cumprimento da legalidade vixente. O financiamento por importe de 975.067,26 € vai destinado a cotas da Seguridade Social

Na memoria explicativa das citadas modificacións arguméntase a utilización deste endebedamento no incremento do obxectivo do déficit nun 0,1% por enriba do fixado inicialmente. Estas modificacións permitiron seguir prestando unha asistencia sanitaria de calidade ao tempo que se pagaba en prazo tanto aos subministradores de produtos farmacéuticos hospitalarios como ás farmacias que subministran os medicamentos a través das receitas médicas.

En canto a débeda da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os datos oficiais do Banco de España, Galicia logrou en 2017 baixar o seu endebedamento público por primeira vez nos últimos dez anos, ao reducir a ratio de débeda/PIB ata o 18,4%, dúas décimas menos que no peche do exercicio anterior. Isto supón que Galicia volve cumprir un ano máis o límite máximo de débeda, ao tempo que mantén un endebedamento 6,4 puntos inferior á media autonómica.

Estes datos ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito da xestión rigorosa e do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia acabou o ano como a quinta comunidade con menor ratio de débeda/PIB, a terceira de réxime común e continua sendo a Comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda desde o ano 2009.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2018 15:09:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 13:10  
Nº Rexistro: 29680

Data envío: 19/04/2018 13:10:21.692

Data 19/04/2018 13:10

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29136**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de aplicar a Lei da memoria histórica no caso da denominación do Centro de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria Salvador Moreno de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“De oficio a Xunta de Galicia non establece o nome dos centros educativos, xa que a proposta dos cambios de nome dun centro educativo veñen dados a través da aprobación dos mesmos en cada consello escolar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2018 13:10:02



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727